

## ESTRUCTURA E EVOLUCION DA IDEOLOXIA POLITICA DE CASTELAO

JUSTO G. BERAMENDI

Universidade de Santiago de Compostela

Normalmente, a finalidade dunha ponencia é dobre: esbozar o estado da cuestión e face-la posta en común dos aspectos máis relevantes das comunicacións presentadas na sección correspondente. Pero, no noso caso, dúas circunstancias fan imposible que a miña intervención sexa unha ponencia en sentido estricto. En primeiro lugar, a cuestión non adquiriu aínda verdadeiro *estado historiográfico* no que atinxe ó eido da ideoloxía política de Castelao, pola inexistencia dunha cantidade suficiente de investigacións ó respecto; xustamente esperamos que unha das aportacións principais deste Congreso sexa empezar a encher ese valeiro. En segundo lugar, a demora na convocatoria deste encontro acertou moito o tempo disponible para a elaboración das comunicacións, polo que non era aconsellable esixir a súa entrega cunha antelación suficiente para que o ponente de cada sección poidese emprender ese labor de posta en común. Xa que logo, a miña intervención aquí non procurará outra cousa que establecer un marco de debate, expoñendo as que, ó meu xuício, son as liñas básicas do pensamento político de Castelao e da súa evolución, para que logo as comunicacións afonden e desenvolvan máis polo miúdo as diferentes dimensións dese pensamento.

E entrando xa en materia, compre salientarmos que o estudo da ideoloxía política de Castelao implica dúas dificultades específicas. A primeira é a súa proximidade histórica, ou mellor dito, o feito de que Castelao realmente non é aínda "historia", senón que segue a ser en certa medida actualidade, segue a estar "vivo", cando menos politicamente. A súa integridade cívico-moral, o seu liderazgo político nos anos trinta, no período de maior vigor do nacionalismo galego, a importancia da súa actuación durante a Guerra Civil tanto para a culminación do proceso autonómico como para a defensa da democracia e a denuncia do totalitarismo, as circunstancias do seu exilio e morte, todo contribuí a facer del o supremo símbolo positivo da tradición galeguista de loita pola liberación nacional, a erguelo á categoría de instancia lexitimadora por excelencia. Daí que Castelao continúe influindo sobre a realidade política de Galicia, e daí que tódolos partidos ou tendencias -agás os españolistas e/ou dereitistas máis extremos- estean moi interesados en apropiarse del, previa a pertinente ocultación ou deformación daquelas partes da súa actuación ou do seu pensamento non integrables no programa ou na ideoloxía en cuestión. E isto, quéirase ou non, condiciona ó investigador, por máis que este se esforce en esquecer, mentras traballa, as avaliacións encontradas e as liortas arredor da súa figura. O camiño, sempre incerto, do his-

toriador cara á obxectividade e á imparcialidade resulta, no caso de Castelao, máis estreito e empinado que nunca.

A segunda dificultade específica está en que Castelao xamais foi un auténtico ideólogo, malia escribir un libro tan influente como *Sempre en Galiza*. Nel, a praxis prevaleceu sempre sobre a teoría, fose unha praxis artística, fose unha praxis política. Esta subordinación non quer dicir ausencia de ideoloxía, mais sí flexibilidade e sincretismo ideolóxicos ó servizo da consecución de resultados políticos concretos que, á súa vez, estaban supeditados, por unha banda, a uns principios éticos de actuación bastante inmutables -e dos que nos falará o venres D. Luis Tobío- e, por outra, a dous grandes obxectivos estratéxicos: a liberación nacional de Galicia e a emancipación socioeconómica do pobo galego, e moi especialmente dos seus labregos e mariñeiros.

Esta característica básica do seu xeito de encara-la realidade política implicaba xa a posibilidade dunha evolución non traumática do seu pensamento político, evolución que efectivamente tivo lugar e na que estimo poden diferenciarse tres etapas:

1ª) O Castelao pregaleguista (1909-1915).

2ª) A primeira fase do seu nacionalismo (1916-1929), na que Castelao é sobre todo, no seo do movemento das Irmandades, "o noso xenial artista", e amosa unha ideoloxía política contradictoria, apenas articulada e moi dependente das ideas doutros teóricos.

3ª) A segunda fase do seu nacionalismo (1930-1950), na que Castelao pasa a ser un dos principais dirixentes políticos do nacionalismo galego e, *a partir da súa praxis política*, vai conformando unha ideoloxía individualizada que, por suposto, se encadra na familia galeguista, pero que constitui asemade un conxunto de ideas, ás veces non exento de incongruencias, mais de carácter propio como tal conxunto e cunhas finalidades políticas tamén propias, se ben a maioría dos materiais utilizados na construción dese conxunto non eran orixinais, senón tomados doutros autores, por certo ideolóxicamente heteroxéneos.

## 1. O Castelao pregaleguista (1909-1915)

Discernir cómo era exactamente o seu pensamento político nesta etapa inicial da súa vida pública resulta particularmente comprometido, pois, fóra duns poucos e non moi relevantes artigos en *El Barbero Municipal* de Rianxo, non dispoñemos de material discursivo directo para a súa análise. En consecuencia, ficamos reducidos ó sempre arriscado labor da interpretación de fontes indirectas, como son as súas actitudes políticas e as ideas implícitas ou explícitas que parecen inspirar os seus debuxos, pinturas e caricaturas destes anos en *Vida Gallega* (Vigo, 1909), *El Barbero Municipal* (Rianxo, 1910-1914), *Mi Tierra* (Ourense, 1911) e outras publicacións de Galicia, Madrid e Arxentina (1). En consecuencia, non po-

---

(1) Vid. unha relación completa na parte correspondente da cronoloxía biográfica de José Antonio Durán en *Castelao. 1886-1950*, Ministerio de Cultura, Madrid, 1986, pp. 223-226.

demos caracterizar sistemáticamente unha ideoloxía que, ou ben non se manifestaba nun discurso suficientemente intelixible, ou simplemente estaba aínda en xestación. Con todo, cabe alomenos enxuiariarnos os datos que temos.

Como xa dixen noutro lugar (2), o contido dos seus primeiros debuxos e pinturas (1908-1910) é política e socialmente neutro, dun humorismo costumista, asentado nunha visión do mundo, ás veces satírica, mais sempre compracida. En 1910, cando ten 24 anos, Castelao entra na política da man do seu pai, D. Mariano Rodríguez, o antigo mariñeiro trocado en pequeno indiano por mor do seu traballo na emigración arxentina, e que daquela era xa un dos xefes do Partido Conservador en Rianxo. Corrían os anos en que Don Antonio Maura, en variante dereitista do rexeneracionismo, procuraba salvar á España da Restauración cunha neboenta revolución desde arriba, da que un dos peares era o "descuaje" do caciquismo. E Don Mariano, que asumira desde Rianxo esa versión do conservadurismo tan reconfortante moralmente, facía alí a guerra ós caciques do distrito de Padrón que, "casualmente", militaban no Partido Liberal, e máis concretamente na fracción de Gasset. Nesta cruzada "anticaciquil" -quer dicir, anti partido liberal-enrola ó seu fillo e a outros mozos rianxeiros, que fundan nese ano *El Barbero Municipal. Semanario conservador*. Alí publica Castelao as súas primeiras caricaturas políticas, ou sexa, alí exprésase politicamente por vez primeira. Temos, pois, que Castelao, en política, nace maurista. E esta filiación maniféstase, non só na súa pública e coñecida actuación en Rianxo, senón tamén noutros xestos, posiblemente anecdóticos pero moi significativos, como esa colaboración súa no libro colectivo adicado en 1914 á maior gloria de Alfonso XIII, o que constituía unha inequívoca adhesión á Monarquía española e, por implicación, ó Estado centralista e dubidosamente democrático que presidía (3).

Ora ben, os estudiosos das ideoloxías e os movementos políticos saben que non sempre hai unha correspondencia exacta entre unhas e outros. Por iso, non é ocioso preguntarmos se as ideas de Castelao que traslucen esas obras eran ou non totalmente equiparables ás dun maurista típico, se o seu conservadurismo político aparellábase cun conservadurismo ideolóxico *tout court*. Coido que non. En primeiro lugar, esas obras amosan que a súa visión anterior do mundo empeza a cambiar, pero a modiño. Xurde a crítica do sistema político, pero aínda falta a crítica social, que logo será nel tanto ou máis importante do que aquela. E verbo da primeira, se fixésemos abstracción da militancia "liberal" dos persoeiros cari-

---

(2) Justo G. Beramendi, "A dimensión política de Castelao", en VV.AA., *De Rosalía a Castelao: Galicia (1837-1950)*, Xunta de Galicia e Museo do Pobo Galego, Santiago, 1985, pp. 90-107.

(3) Luis Antón de Olmet y Antonio García Garraf, *Alfonso XII. Libro que dedican unos escritores de hoy al preclaro monarca Don Alfonso XIII, símbolo del Renacimiento español, y en el que narran su vida ejemplar*, Col. Los Grandes Españoles, Imp. Alrededor del Mundo, Madrid, 1914, 2 vols. A colaboración de Castelao consiste nun debuxo na páxina 473 do segundo volume, que representa o seguinte diálogo entre dúas nenas galegas de fasquía labrega: "Rosiña: -¿Qué comerá o noso Rey?; Carmela: -Comerá azucre". (Debo esta información á amabilidade do prof. Xosé R. Barreiro Fernández). Anos despois, Castelao volverá a publicar máis dunha variante deste debuxo, pero desprovistas xa dunha tan clara intención laudatoria.

caturizados (os Vitorro, Gasset, Canalejas), só ficaría en pé un ataque ó caciquismo en canto tal. A denuncia dun sistema político corrupto, dos seus abusos e de parte dos seus protagonistas non se acompaña dunha mensaxe afirmativamente conservadora, reaccionaria ou tradicionalista. Non hai nesas debuxos de Castelao defensa algunha da vella sociedade, nen das súas clases beneficiarias, nen tampouco ataque explícito ou implícito a calquer intento de transformación progresiva desa sociedade. Nas súas caricaturas, o sustantivo é un anticaciquismo aínda valeiro de contidos sociais -e por suposto de contidos galeguistas- e o adxectivo, o posicionamento maurista-conservador, o que ademáis concorda coa súa evolución posterior.

Evolución da que hai moi cedo sinais anunciadores, e en dúas direccións complementarias: a do compromiso cos labregos e a do galeguismo futuro. En efecto, xa nos anos de Rianxo, o noso "conservador" achégase ó agrarismo, é dicir, toma partido perante un dos principais problemas sociais da Galicia do momento. Pero Castelao non ingresa en 1912 no agrarismo socialcatólico e tradicionalista -por certo, vizoso e omnipresente no agro galego- como sería congruente cun conservadurismo auténtico, senón no agrarismo populista, reivindicativo e nidiamente antiforal da Liga de Acción Gallega. Este nacente interés pola situación do pobo coexiste co seu maurismo até 1915, pero a preocupación social vai gañando máis e máis terreo a esa fidelidade partidaria. Para explicarmos esta mudanza compre que lembremos as orixes sociais e as circunstancias profesionais do noso home. En efecto, a súa breve práctica de médico rural pono de cotío en estreito contacto coas miserias, as necesidades e os problemas de labregos e mariñeiros, os grandes protagonistas positivos da súa obra desde 1917. E dá a impresión de que ese contacto acorda nel as súas vivencias de neno saído do seo do pobo traballador, de neno que corriqueou pobremente vestido polo peirao e as rúas de Rianxo, que aprendeu a pensar e falar en galego cos demais rapaces da vila, que sufriu os mesmos desexos insatisfeitos que eles, que ollou e viviu no taller artesán do seu avó e nas casas modestas dos veciños as mesmas carencias. E probablemente Castelao decide agora pechar a circunferencia desa viaxe vital que iniciara en 1895, cando embarcara ós nove anos para Arxentina. Unha viaxe que o afastara, máis mental que fisicamente, das súas raiceiras populares para trocalo en señorito de ningures. O cabo da súa segunda estadía rianxeira, Castelao pon remate a ese paréntese a-galego e a-popular da súa vida. E tivo que facelo con algo de vergoña de sí mesmo, porque a sátira inmisericorde á que despois someterá arreo ós señoritos desleigados de Galicia, ós que pinta como epítome da necedade, do parasitismo, da folganza, do antigaleguismo e da inutilidade, ten moito de autoflaxelación nun home que case vinte anos máis tarde, o 18 de setembro de 1931, guindará estas palabras contra os pechados ouvidos dos deputados de España (4):

"porque soy aldeano y por serlo y por haber probado la miel de otros idiomas, es por lo que quiero dignificar el habla de mi pueblo, la lengua del único rey español que se llamó Sabio, el

---

(4) Intervención de Castelao no debate do proxecto de Constitución da Segunda República o 19 de setembro de 1931. Publicada por Xosé Lois García, *Castelao, Otero Pedrayo, Suárez Picallo, Villar Ponte. Discursos Parlamentarios (1931-1933)*, Ed. do Castro, Sada-Coruña, 1978, pp. 15-21.

viejo idioma que supieron guardar como oro nuestros trabajadores del mar y de la tierra, de estos trabajadores que son de mi sangre y son de mi carne".

En suma, no final de esta primeira etapa, e unha vez definitivamente arreado do maurismo en 1914, en Castelao parecen predominar xa dúas actitudes, que serán básicas en tódala súa traxectoria ulterior: o compromiso cos traballadores galegos do sector primario e, en estreita relación con isto, a reasunción da especificidade cultural e lingüística do pobo galego. Doutra maneira sería inexplicable a súa temperá incorporación ó rexurdir galeguista das Irmandades da Fala.

O que nos leva ó segundo dos períodos nos que dividimos aquí a súa evolución ideolóxica.

## 2. As contradictorias ideas do "noso xenial artista" (1916-1929)

Neste período, a carencia de material discursivo directo, principal problema da etapa anterior á hora de analizarmos a súa ideoloxía, mitígase algo, pero non desaparece, pois Castelao, fóra das obras puramente literarias, segue a producir moi poucos textos ideolóxicamente significativos: seis brevísimas colaboracións en *A Nosa Terra* (5), un só artigo en *Rexurdimento* (6), algunhas pasaxes de *Cousas* (7), os textos que publica en *Nós*, case todos de carácter literario, artístico ou etnográfico (8), e sobre todo o seu *Diario* de 1921 (9). Porén, a súa abondosa

---

(5) "Do homenaxe a Porteiro", nº 73-74, 5-XII-1918, p. 8; "Optimismo enxebre", nº 91, 5-VI-1919, p. 4; "Foguetes", nº 94, 15-VII-1919, p. 4; "A aución dereita", nº 98, 25-VIII-1919, p. 4; "Escoita tí, literato rico e vanidoso", nº 129, 5-X-1920, p. 10; "Conto ilustrado", nº 154, 31-XII-1921, p. 4. Ademais publica o texto da conferencia "Humorismo. Dibuxo humorístico. Caricatura", pronunciada na inauguración da súa propia exposición na Irmandade da Fala da Coruña (nº 115-116, 31-III-1920, pp. 1-7) e catro breves pezas literarias: "Peito de lobo" (nº 95, 25-VII-1919, p. 4), "Lembranzas" (nº 96, 5-VIII-1919, pp. 3-4), "Cousas da vida" (nº 99, 5-IX-1919, pp. 3-4) e "O aparello dos apóstolos" (nº 101, 25-IX-1919, p. 9).

(6) "Caciquismo", *Rexurdimento. Orgao da I.N.G.*, febreiro 1923, p. 3.

(7) *Cousas. Primeiro Libro*, Ed. Lar, A Coruña, 1926; e *Cousas. Segundo Libro*, Nós, Pub. Galegas e Imp., A Coruña, 1929. Aquí citaremos pola reedición de Galaxia, Vigo, 1979.

(8) Castelao publica en *Nós* os seguintes textos: "Novela" (nº 9, 31-I-1922, p. 9); "Do meu diario" (nº 10, 20-IV-1922, pp. 1-9); "Cubismo" (nº 11, 26-VI-1922, pp. 4-9 e nº 12, 25-VIII-1922, pp. 6-10); "Do meu diario" (nº 13, 1-XI-1922, pp. 2-5, nº 16, 1-II-1923, pp. 3-7 e nº 18, 1-VII-1923, pp. 1-6); "A vella Fanchuca" (nº 31, 25-VII-1926, p. 1); "Ditos referentes a xentes e pobos" (nº 38, 15-II-1927, pp. 14-15); "Conxuro" (nº 40, 15-IV-1927, p. 17); "O retrato. Peito de lobo. O Segredo" (nº 43, 25-VII-1927, pp. 1-4); "Sant'Iago na Bretaña" (nº 67, 25-VII-1929, pp. 114-121); e con F. Bouza Brey, "Escudos de Rianxo" (nº 113, 17-V-1933, pp. 77-83).

(9) *Diario. Viaxe a Francia, Bélxica e Alemaña. 1921*. Utilizamos a magnífica edición facsímil do manuscrito orixinal feita pola Diputación Provincial de Pontevedra de 1986. Menos interés teñen para o noso obxecto algunhas outras prosas publicadas en xornais como *El Sol* de Madrid o *El Noroeste* de A Coruña (case todas reproducidas por J.A. Durán en *Castelao en "El Sol"*, Ed. Akal,

producción gráficas destes anos (*Album Nós*, debuxos en *A Nosa Terra*, *Galicia*, *El Pueblo Gallego*, etc.) é agora dunha intencionalidade política ou social tan explícita que constitui unha fonte complementaria máis que suficiente. E se a isto engadimos a súa actuación política e algúns outros feitos biográficos moi a ter en conta (10), obtemos un conxunto de datos que nos permiten caracteriza-lo ideolóxicamente cun grao aceptable de precisión.

Para face-lo, e sen perxucio de recurrirmos ás pasaxes ideolóxicamente máis significativas dos seus escasos textos, é imprescindible a análise temática dos debuxos. Con tal fin considerei as tres series completas máis interesantes desde o noso punto de vista:

- a) os 40 orixinais (dos que oito aparecen máis dunha vez) que publica en *A Nosa Terra* desde "Lástema de bois" no nº 25 de 20-VII-1917 até o último no nº 171 de 30-IX-1922, data na que se interrompe a súa colaboración, por mor seguramente dos enfrontamentos entre a Irmandade Nazonalista Galega, á que se adhire Castelao, e a Irmandade da Fala da Coruña, editora da revista, logo da escisión de febreiro dese mesmo ano.
- b) o *Album Nós* que, como é ben sabido, consta de 49 láminas (11).
- c) os publicados en *El Sol* de Madrid entre 1918 e 1922 e que, segundo José Antonio Durán, son 45 (12). Pero puiden comprobar que unha grande parte destes son reproducións ou lixeiras variantes de temas que figuran nas outras series.

Isto sucede tamén noutros casos, polo que, descontando as repeticións, o total redúcese en realidade a 91 temas diferentes, que son os que forman a mostra da nosa análise, e que se distribuen como figura no Cadro I.

---

Madrid, 1976), pois as de contidos máis políticos (o seu enfrontamento con Vitorro polo *affaire* do hórreo do pai de Castelao) teñen unhas motivacións excesivamente personais.

(10) Entre estes feitos compre salientar: a) a súa temperá incorporación ás Irmandades da Fala (colabora por primeira vez en *A Nosa Terra* co debuxo "¡Lástema de bois!", no nº 29 de 20 de xullo de 1917) e a súa militancia ininterrumpida nelas; b) firma o Manifesto da I Asamblea Nacionalista (Lugo, 1918); c) mantén, cando menos desde 1919, unha amizade e unha colaboración moi estreitas con Vicente Risco e Antón Losada Diéguez, cos que pon en marcha a revista *Nós* en 1920; d) en 1922, cando as Irmandades se escinden na IV Asamblea de Monforte, opta pola ING, é dicir, polo bando inspirado e liderado por Risco e Losada; e) sorprendentemente, e ó contrario que estes dous, en 1923-25 non colabora, nin siquer efímeramente, coa Dictadura de Primo de Rivera; f) en 1929-31 protagoniza a reorganización independente do nacionalismo na Galicia Sul, rexeita entrar na ORGA, funda o Partida Galeguista de Pontevedra e encabeza a Candidatura Galeguista desta provincia nas eleccións ás Cortes Constituintes da República.

(11) Como explica o mesmo Castelao no prólogo, as láminas datan de 1916-1918. Expostas moitas veces dentro e fóra de Galicia, non foron impresas en forma de álbum até 1931 en Madrid. Vid. a edición facsímil feita pola Editorial Galaxia, Vigo, 1984.

(12) J.A. Durán, *Castelao en "El Sol"*, Ed. Akal, Madrid, 1976.

**CADRO I**  
**Distribución temática dos debuxos 1917-1922**

Afirmación do nacionalismo galego	7
Gabanza da raza galega	1
Parentesco nacional de Galicia e Portugal	1
Referencias ós cataláns	1
Sátira do carácter español/andaluz	2
Denuncia do españolismo	2
Galicia, premida nacionalmente polo Estado español	2
Marxinación da lingua galega	1
Galicia, explotada vía aranceis	1
Galicia, explotada vía impostos	2
Galicia, sen voz parlamentaria en Madrid	1
Contra os políticos en xeral	1
Contra o caciquismo	6
Sobre as manipulacións electorais dos caciques	6
Os señoritos, nemigos do pobo e do galeguismo	3
A xerarquía eclesiástica menosprecia o galego	1
Sobre cregos e fidalgos	2
O goberno perxudica ós mariñeiros	1
Os foros escravizan ós labregos	1
Os impostos explotan ós labregos	3
Sobre a pobreza e fame dos labregos	5
Os caciques usan os trabucos contra dos labregos	2
Os caciques abusan da muller labrega	2
Os caciques explotan ós labregos	3
A rebeldía labrega esmagada	3
A Lei/Xusticia contra do labrego	5
Avogados e médicos aprovéitanse dos labregos	2
Denuncia da escola rural	2
Sobre nenos labregos	1
Sobre marxidados (cegos, tolos, esmolantes)	8
Denuncia da emigración	9
Sobre obreiros (mofa do seu ateísmo)	1
Sobre o bolchevismo	2
"Y-este é o mundo que fixo Deus?"	1
	-----
Total	91

É ben sabido que Castelao realizou e publicou no período considerado moitos máis debuxos e caricaturas en xornais como *El Noroeste*, *Faro de Vigo* e, sobre todo, *Galicia* (1922-26) e *El Pueblo Gallego* desde 1924. Non se inclúen na nosa mostra por dúas razóns diferentes. En primeiro lugar, pola grande dificultade, ou incluso a imposibilidade, de reconstruí-las series completas. En segundo lugar, porque, ó seren xornais de información xeral e non estrictamente nacionalistas (agás *Galicia*), Castelao non podía elixir e trata-los temas coa mesma liberdade. De tódolos xeitos, a parte que coñecemos desas outras series, corrobora no fundamental as conclusións a que chegamos aquí, cecais coa salvedade de que, a

**CADRO II**  
**Estructura temática dos debuxos 1917-1922**

TEMA	Nº ref.	% verbo de 91
Campeiros	36	39,5%
Maríñeiros	3	3,3%
Obreiros	1	1,1%
Marxinados	8	8,8%
Emigración	9	9,9%
<b>SITUACION DO POBO TRABALLADOR</b>	<b>48</b>	<b>62,6%</b>
Caciques/caciquismo	19	20,8%
Señoritos e profesións liberais	5	5,55%
Clases e institucións tradicionais (Igrexa, clera, fidalguía, foros)	4	4,4%
<b>GRUPOS DOMINANTES INTRAGALEGOS</b>	<b>28</b>	<b>30,7%</b>
O Estado español e os seus funcionarios	20	22,0%
O sistema político da Restauración	8	8,8%
Carácter español e españolismo	4	4,4%
Galicia-nación e nacionalismo galego	9	9,9%
Nacións aliadas de Galicia	2	2,2%
<b>CUESTION NACIONAL</b>	<b>43</b>	<b>47,3%</b>
Bolchevismo	2	2,2%
Valoración negativa do mundo coetáneo	1	1,1%
<b>SITUACION DO MUNDO</b>	<b>3</b>	<b>3,3%</b>

partir de 1922, aumenta algo a frecuencia de temas como os nenos, o señoritismo, as parábolas con animais e a actualidade política (13).

Para obter unha visión máis sintética do peso cuantitativa relativo dos centros de interés dos seus debuxos elaboramos o Cadro II, no que os temas se agrupan en catro grandes bloques. No cómputo tívose en conta ademáis que, ás veces, un mesmo debuxo contén varias referencias temáticas, polo que a suma destas no cadro supera a cifra de 91.

A análise de debuxos e textos permite concluírmos que as ideas políticas de Castelao nestes anos forman un conxunto pouco sistemático, parcialmente contradictorio e constituído pola articulación, ás veces conflictiva, de tres compoñentes maiores:

1º) O núcleo común das ideoloxías nacionalistas que coexistían daquela nas Irmandades da Fala, é dicir, a consideración de Galicia como nación orgánica e histórica que se acha premida cultural e políticamente polo Estado español, e tódolo que deriva directamente desta premisa.

2º) Certo neotradicionalismo, froito da intensa influencia que sobre el exercen Antonio Losada e Vicente Risco (14) entre 1919 e 1923, e que incide no fondo ideolóxico, non totalmente morto aínda, do seu maurismo previo.

3º) En conflito latente co precedente, unha conciencia cada vez maior da miseria e da explotación que sofre o pobo galego, especialmente os labregos, e a conseguente vontade de denunciála e de face-lo posible por acabar con elas. Este compoñente, ó ter como referente social o "pobo", constitui o xérmolo do seu futuro populismo de esquerdas, e prevalecerá como principal sustancia sociopolítica do seu nacionalismo na etapa seguinte. Mais xa nesta, diferencia claramente a Castelao dos auténticos neotradicionalistas socialcatólicos que militan no galeguismo.

Pero vexamos máis polo miúdo a natureza e as interrelacións destes tres compoñentes.

### ***Nacionalismo***

A conversión de Castelao ó galeguismo en 1916-1917 é inequívoca, como demostran a súa actividade de militante e o contido da súa obra. No Cadro II vése que case a metade da súa obra gráfica está referida, dun ou doutro xeito, á cues-

---

(13) As recopilacións máis completas que se fixeron até agora son: Castelao, *Cousas da vida*, Ed. Galaxia, Vigo, 1961-1971, 6 vols.; Castelao, *175 Dibuxos*, Caixa de Aforros, Santiago, 1976; e Clodio González Pérez, *Castelao. Escolma*, Ed. do Castro, A Coruña, 1982.

(14) Sobre estes ideólogos do primeiro nacionalismo galego, vid.: Carlos Casares, *Vicente Risco*, Ed. Galaxia, Vigo, 1961-1981; Francisco Bobillo, *Nacionalismo galego. La ideología de Vicente Risco*; e Justo G. Beramendi, *Vicente Risco no nacionalismo galego*, Ed. do Cerne, Santiago, 1981, 2 vols., e os estudos introductorios de Justo G. Beramendi, ed., *Antón Losada. Obra Completa*, Ed. Xerais, Vigo, 1985.

ción nacional galega, e un 96,7% a Galicia e os seus problemas. Porén, Castelao non fai nesta etapa teorizacións do seu nacionalismo. Limitáase a asumir o programa común do movemento, aprobado en Lugo en 1918, que se mantén con poucas variacións de matiz até a República: Galicia é unha nación obxectiva pola súa etnicidade e historicidade específicas; leva séculos coactivamente incluída nun Estado alleo, o que a priva da súa liberdade nacional e impide o desenvolvemento da súa personalidade; esta situación ten consecuencias moi negativas no económico -atraso causado principalmente pola carencia de comunicacións adecuadas e polo réxime arancelario e tributario-, no social -pobreza, emigración-, no cultural -imposición dunha lingua e unha cultura alleas en detrimento das propias- e no político -sometimento forzado á falsa e apodrecida "democracia" do sistema político da Restauración, vía o caciquismo e o cunerismo. Xa que logo, Castelao defende, cos seus correligionarios, a transformación do Estado español nunha Confederación Ibérica; un sistema político de auténtica democracia, sen caciquismo, nen cunerismo, e no que os partidos galegos despracen ós centrados en Madrid; a supresión das Diputacións provinciais e os Concellos rurais; a regaleguización do país; a reforma arancelaria e tributaria; a mellora das comunicacións; a modernización agraria segundo o programa básico das Asambleas de Monforte, etc., etc. En resumo nada diferente do que xa coñecemos. Como decía, dificilmente atopamos unha argumentación personal, ó contrario do que sucederá na etapa seguinte. De momento, só achamos algún que outro anuncio de formulacións que desenvolverá plenamente nos anos trinta e corenta. Vexamos dúas mostras.

En primeiro lugar, o refugo de Castela, que en Castelao chegará a ser un referente de negación-oposición nacional case obsesivo. Aínda que agora é máis patente a sátira do españolismo andaluzado que aparece nos seus debuxos, agroma xa un anticastelanismo de tintes rosalianos. Velaquí o que lle suxire a visión da paisaxe burgalesa (*Diario*, 1921, p. 1): "por certo que ó ver un monte d'aquiles, cheo de ovelas, pareceume un viveiro de vermes balindo n'unha pelexa podre".

En segundo lugar, ese reduccionismo analítico a que tan proclive é o nacionalismo para opoñer as causas de tódolos males propios á acción do *outro* nacional, maniféstase xa no seu tratamento do caciquismo. Para Castelao, as raíces deste mal están totalmente fóra de Galicia. O caciquismo non é senón a consecuencia inmediata do centralismo e por iso só o nacionalismo pode xerar un anticaciquismo auténtico. Mais como era innegable que a maioría dos caciques "de base" eran galegos, para que o argumento se sostivese era necesario esbozar unha teoría do caciquismo (que desenvolverá en *Sempre en Galiza*), pola que hai caciques "naturais" (ou sexa, potencialmente bóis), líderes autóctonos positivos; e caciques antinacionais, axentes do centralismo, para os que mesmo habería que inventar outro nome (15):

O movemento *anticaciquil*, cando non ten outro ideal, é a carabina de Ambrosio mandada n'un pau. Os homes que loitan á testa d'istes movementos, son uns aspirantes a caciques. Probas temos d'abondo en todol-os distritos que se chaman *rebeldes*, por chamárense

---

(15) Castelao, "Caciquismo", *Rexurdimento. Orgao da I.N.G.*, (febreiro) 1923, p. 3.

d'algunha maneira. As virtudes que truncan ô chamado caciquismo son verbas importadas, verbas que sonan ben por estaren valdeiras...

Tampouco abonda ter un ideal calquera pra loitar contr'os caciques, pol-a sinxela razón de que hay ideales que non-o son. Falar de *caciquismo* dend'o campo *maurista*, *reformista*, *republicano*, etc. é lería e nada máis que lería. Pra creer n'esta clás de apóstolos do *anticaciquismo* compre unha fe que xa non se pode ter máis que nos Santos. A suposta superioridade moral das persoas non é garantía d'abondo nunha terra de pesimistas...

Ganen votos pr'as eleucións, leven actas de deputados; pero non pensen que nos engañolan. Non e non...

Dispois de todo ¿qué quer decir a verba *cacique*? Pois *cacique* quer decir xefe de tribu... e na nosa Terra, por mala fada, xa non hay tribus nin hay caciques.

N'unha tribu de guerreiros o *cacique* sería o mellor guerreiro de todos; n'unha tribu de sabios nin que decir ten que o *cacique* sería o máis sabio de todos. Pois logo o nome de *cacique*, que se ven dando ô que ten forza política, non ofende ô que exerce o chamado cacicato sinon ôs que o soportan. Enriba de cornos, paus. Non e non; os galegos nin somos tribu salvaxe nin, anque o fôsemos, nomearíamos xefes a homes sin creto e que son nemigos nosos.

A *cacique* que cai, *cacique* que se ergue. O tirar e'un *cacique* non é mais que unha labor de poda.

Eu propono ós irmáns na Causa que non se fale de caciques e que somentes falemos de representantes do poder central.

Non sería mal inventar un nome axeitado, pois o de *cacique* aplícase xustamente ô rívés.

Quen estea conforme co poder central, causa do que se ven chamando caciquismo, está conforme co *cacique* e se loita contra il é que pensa substituílo. Loitar contr'o poder central é loitar contr'o caciquismo cortándolle as raíces.

Quen diga hoxe que temos o que merecemos está ben trabucado. Cando non eista o centralismo entón sí que teremos o que merecemos. E o que falo vai cos paisanos, pois os señoritos teñen o que lles convén ter.

No plano propiamente político, o máis salientable do nacionalismo de Castelao até 1923 é o seguidismo das suas actitudes respecto ás de Risco e Losada. E así, por exemplo, imítaos na súa modulación abstencionista dese refugo da "política" ó uso (16). E en 1922 sígueos na constitución da Irmandade Nazionalista Galega fronte ós "políticos" da Irmandade da Fala da Coruña.

Comprobaremos agora cómo todo isto tiña o seu correlato ideolóxico na asunción dalgunhas ideas de nidia xinea neotradicionalista.

---

(16) Castelao, "Optimismo enxebre. Do noso xenial artista", *A Nosa Terra*, nº 91, 5-VI-1919, p. 4: "Fixemos ben o non irmos ás eleccións, pois indo, as xentes poderían ollarnos lixados da cobiza do mando. ¡Foi tan noxenta sempre a política! Non debemos esquecer que na Hespaña non hai homes que de boa fe se deixen engaiolar por ningún ideal político. Compre que as xentes non vexan a política no noso ideal, inda que, dende logo, o noso ideal é político. Lémbrome do que me dixo un vello petrucio certa noite que lle pedín o seu voto:

-Mire, Daniel, se atopa por ahí adiante un anarquista, eu ainda daba vinte pesos; mais non me pida o voto, irógollo pol-a i-alma dos seus difuntiños!."

## Neotradicionalismo

De non coñecermos o *Diario* de 1921, é seguro que hoxe non poderíamos calibrar ben este compoñente que, case totalmente ausente nos seus debuxos, apenas asoma ademáis nalgún outro texto marxinal.

O mesmo Castelao ofrece indicios abondo explícitos para sabermos que este tipo de ideas -incluído certo arredismo inconfeso- lle chegan de Losada e Risco, "meu outro eu" (17). Pero vexamos en qué consisten esas ideas, con independencia da súa orixe.

En primeiro lugar, perante o dilema ideolóxico *tradición versus progreso* (progreso entendido á maneira establecida no século XIX) (18), Castelao opta pola tradición. Unha tradición, eso sí, que el quere anovada, depurada de tódolo que considera arcaico-continxente, "moderna", mesmo con adubíos futuristas. Unha tradición, en suma, que ten por cerne as "esencias eternas" do home e dos pobos, esencias de natureza básicamente espiritual-trascendente. E así, ollando os sartegos exipcios do Louvre, "eu sentín alí a verdadeira inmortalidade, e ben quixera que a nosa civilización non s'houbiera afastado das cousas do esprito" (*Diario*, p. 7).

En concordancia con isto, e amén dunha hostilidade implícita e moi risquián contra o "oitocentismo", maniféstase abertamente contrario á variante "internacionalista" (= bolchevique neses anos) dos proxectos de emancipación humana:

"Non; compre sere futurista e pra iso temos que atopar en nós o que temos de eterno. Cando se chega à iso atoparemos en nós mesmos a verdadeira Humanidade (a verba Humanidade ten pr'os *novos* un sentido oposto ò que lle deron os *pensadores* do século pasado). Ni que decir ten que o sentido d'isa verba eiscluye o chamado *internacionalismo*, que tamén é outra verba mal empregada a cito por ises que aínda siguen chamándose avanzados sen permiso de ninguén. Cando a verba Humanidade deixe de ser un adorno feito de tona de cebola que un neno pode aplicar co dedo, entón as *nosas* ideas trunfarán de fixo. E xa que me puxen a *profundar*

---

(17) No *Diario*, *op. cit.*:

"Hoxe recibin unha carta do meu outro *eu*: Vicente Risco (...) Mais pequena que fose aínda Galicia e nós poderíamos ser arredistas" (p. 180)

"Eu teño a seguridade (o meu instinto non pode trabucarse) que o futuro darános a razón en Galicia a Vicente Risco e máis a min, e non pol-o que fixemos senon pol-o que faceremos se Deus nos dá vida e saúde" (p. 191).

"Os futuristas queren unha renovación, son revolucionarios e pol-o mesmo son fortes, teñen fé nos tempos que preveu Losada Diéguez na súa teoría trascendente da velocidade. Eu non quero ises tempos e non son futurista, pois sendo galego teño de ser antifuturista. Eu agardo que dispois de tanta velocidade o siño de grande forza e de grande potencialidade -como di Losada- sexa camiñar a pé "deténdose con agarimo a carón de toda cousa de Natureza". Eu, pol-o mesmo, vou máis alá do Futuro e dos futuristas" (pp. 5-6).

(18) "Eu non coñezo París aínda, o París dos Cabarés, dos Cabarés onde gastan os cartos os americanos, os americanos españoles que mercan postales, postales da torre Eiffel, da torre Eiffel que fala do Progreso, do Progreso que foxe da Perfección" (*Diario*, p. 21).

-como decía un barbeiro de Rianxo- compre deixar apuntado que é forzoso arrincar das mans d'ises homes con cachola de centola, total-as verbas que suxestionan á morea iñorante; como son: Humanidade, Progreso, Fraternidade, Cultura, Libertade, etc., etc. Agora ben, dispois de darlle a estas verbas o seu verdadeiro sentido, enchéndoas de sustancia e aplacando tódolos adornos de cebola, démoslle ás xentes outras verbas que non se prestan a tanta mistificación e que sempre teñen máis peso que volumen, máis outura que largura; así, por exemplo, Tradición, Perfeución, Civilización, etc." (*Diario*, p. 218).

Pero esta opción neotradicionalista non se orienta cara á preservación da preminencia económica ou política de vellos grupos sociais dominantes, senón á defensa da identidade cultural (= nacional) da nación, centrada na tradición así concebida (19). *Neste sentido* rexeita determinadas manifestacións da modernidade: "Eu quero ser un home da miña terra e do meu tempo e pol-o mesmo intréanme total-as cousas novas pra saber como é o Arte d'istes tempos; pero, por disgracia, o Arte novo rifa de tal xeito co-a Tradición -soyo por rifar- que prefiro ficar à veira da *maoria conservadora*, anque ben sabe Deus que o meu espírito está ben aberto a total-as revolucións" (*Diario*, p. 32). Por iso non acaba de entender o mundo extragalego do seu tempo, e malia a súa predisposición a asumilo, non pode aceptalo e ha torna-los seus ollos atrás, aferrarse ós vellos valores de sempre para non deixarse levar polo torbeliño de tanta nova inintelixible:

"¿O mundo está tolo? ¿O mundo está de parto? ¿O mundo volveuse neno? ¡Eu que sei! Sempre foi pra min unha verdade indiscutibel que pra pegar un brinco é moito mellor dar un paso atrás; mais agora atópome c'uns artistas que pechan os ollos á tradición pra pensar qu'así chegarán primeiro á un fermoso futuro. Eu vou tendo moita desconfianza das revolucións... feitas por homes da gran cibdade" (*Diario*, p. 27).

Esta reacción defensiva tradúcese na formulación de tópicos ben coñecidos para calquera mínimamente familiarizado co tradicionalismo galego ou español:

1º) A nostalxia da Edade Media e do Antigo Réxime, como *topoi* históricos por excelencia da boa civilización. Velaquí o que lle suxire a contemplación da Praza Maior de Bruselas: "Logo aquilo fálanos, ô espírito, dos tempos idos, cand'o traballo estaba cheo de dinidade e cando a libertade administrativa y-o arredismo cultural chegou a tere os seus mártires (...) Naquiles tempos aínda non houbera a tan gabada revolución francesa e xa morrera Roma e os homes que traballaban eran uns felices burgueses que somentes sufrían a tiranía dos extranxeiros. O chegar a ista plaza resucita en nós a Edade Media e sentimos a morte de total-as verdadeiras civilizacións e sufrimos o engullo das novas ideas que entraron en Flande co nome de 'civilización francesa'" (*Diario*, p. 113).

2º) A conseguinte inimiga á industrialización e ó mundo urbano, que vai inevitablemente aparellada á afirmación ruralista:

---

(19) Castelao, "Foguetes", *A Nosa Terra*, nº 94, 15-VII-1919, p. 4: "Se o progreso dos pobos está en razón inversa do tamaño d'as chaves d'as portas, como decía un mestre que tiven, tamén é certo que a cultura verdadeira está en razón directa d'o respecto às tradicións. Por iso en Compostela as chaves son grandes e as casas son de cemento".

"Bélxica non será terra de bestas, pero cicais tampouco de homes: é terra de formigas. Toda Bélxica (a que vin d'ende o tren) é un xardín; un xardín cheo de fábricas... Todo fala de traballo tan intenso que agonía o corazón; diríase que non traballan pra vivir senón que traballan pra que vivan outros. A natureza está martirizada e non é libre como na miña Terra. O carater ruralista dos flamengos morreu de tal maneira no que vin que o mesmo campo está orgaizado cibdadán. Iste espeutáculo doume fonda pena, á min que son tan ruralista e até penso que se a cibdade ten d'eisistir compre ruralizal-a. Cando en París rubín á Tour Eiffel pensei, ollando en conxunto aquila enorme cibdade, no traballo que representa aquila organización e pensei tamén que aquil esforzo de tantos miles de homes non é o que máis nos asemella ós homes: é un traballo de formigas ou de avellas que por instinto fan un formigueiro ou unha colmea. O meu ruralismo n'aquil entón moqueouse dos homes *civilizados* que se gaban d'unha obra que nos asemella ós animalíños que por instinto obedecen cegamente á leises qu'iles descoñecen. No campo está Deus e nas cibdades o demo, pensei eu; pero hoxe vin que o campo pode orgaizarse ó xeito da cibdade, matando o pintoresco, afogando tod'a poesía do paisaxe, tapando coa obra do home á Deus que aparece na Natureza. As ideas do século pasado maniféstanse tamén no campo latino de Bélxica, onde as xentes coidarán aínda de fixo que a Tour Eiffel é un moimento. A Tour Eiffel é un moimento... feito por un inxenheiro; moimento dino de conmemorar as ideas do século derradeiro" (*Diario*, pp. 111-112).

3º) O precedente ten o seu correlato no plano social. O neotradicionalismo *sui generis* de Castelao, ó contrario dos neotradicionalistas auténticos como Losada ou Otero, case non presta atención á fidalguía e o clero, e cando se ocupa deles non é precisamente para defendelos ou ensazalos. Só amosa preocupación e só valora positivamente ó pobo traballador, mais para el -e nisto sí coincide cos tradicionalistas- únicamente o compoñente precapitalista dese pobo -e moi especialmente o campesinado- é merecente da súa atención. As cifras do Cadro II son moi elocuentes neste sentido. Dos 48 debuxos referidos ós traballadores, soamente un está claramente adicado ó obreiro urbán, e non para denuncia-las súas condicións de vida ou de traballo, senón para ironizar o seu suposto ateísmo. É certo que na Galicia desa época había moitos máis labregos que obreiros, pero estes non eran tan poucos nen tan inactivos como para ignoralos dese xeito. Tal actitude, pois, non se debía exclusiva nin principalmente á propia realidade galega, senón á mentalidade co que se ollaba esa realidade.

4º) Unha moral sexual moxigata, que se aplica tanto á arte, da que desexa erradicar os nús (20), como á vida. As libertades parisinas, os bicos "dos namorados na rúa", a sexualidade ou "amor que non é amor", a exhibición xenerosa de carne masculina ou feminina en determinados bailes, son para el "podredumé espiritual", decadencia anunciadora do final da civilización (*Diario*, pp. 14, 95): "Antonte deron un baile os artistas de París, un baile de traxes, onde fixamente o mellor do traxe había de sere non levar ningún. Pol-os boulevards pasaron en carros e tant'os homes com'as mulleres iñan cuase encoiros. Dúas mulleres sòmente

---

(20) No *Diario* (pp. 4-5), califica de "inmoral" un nu femenino *passeiste* e aproba a proposta futurista de prohibir o nu artístico por "nauseabundo".

tapaban as súas partes c'unhas gasas. ¿Qu'é iso? Eu estou pasmado de que non se decaten os gobernantes ou os directores esprituais de Francia de que isas festas decadentes sòmente se poden permitir un pouquiño antes de morrer unha civilización. É noxento, é verdadeiramente afrentoso ver tanta decadencia".

Logo disto non poden extrañarnos os seus comentarios sobre Ferrer i Guardia e sobre os "avanzados" en xeral (21), nin que lle gostase tanto o discurso que lle escoitou a Pilsudski (*Diario*, p. 13), nin sobre todo o feito, moi significativo, de que os seus únicos contactos políticos en París fosen a extrema dereita de *Action Française* e os sindicatos católicos, aínda que, a vulgar polas anotacións do seu *Diario* (pp. 20, 31, 35-36), non obtivo deles unha impresión plenamente positiva. De todos modos, a súa volta de Europa, nese 1921 que marca a súa cota de máxima impregnación tradicionalista, Castelao publica o único texto antisemita que lle coñecemos (22):

(Adaptación do francés ó galego)

Foi qu'en certa ocasión atopáronse xuntos dous sonados políticos hespañoes: Cambó e Romanones.

E díxolle Cambó a Romanones:

-Pra que se decate da confianza que teño en vostede vou decirle o que non dixen a ningún... ieu son xudío!

E respondeulle Romanones:

-Pois... confianza por confianza, eu... ieu son coxo!

*Ilustracións.*- O rexurdimento das nacionalidades é un feito e os mesmos xudíos, sostendo c-oa súa intelixencia e os seus cartos o internacinalismo, non fan senón defenderen a súa raza, o seu territorio. Os xudíos son os únecos inimigos verdadeiros do nacionalismo. Por iso cando un xudío se chama nacionalista é preciso ollal-o con certa desconfianza, pois tod'o mundo sabe que os xudíos endexamais traballaron, e ben pode calquera xudío ocultar o seu internacionalismo pol-a comenencia de vivir dos nacionalistas.

### ***Populismo tendencialmente de esquerda***

Por sorprendente que poida resultar despois do que precede, este terceiro compoñente ideolóxico era o máis patente na personalidade pública do Castelao desta etapa. No Cadro II comprobamos que a situación do pobo traballador é o bloque temático cuantitativamente predominante na súa produción gráfica. E non podemos esquecer que gracias a esta actividade Castelao era públicamente coñecido e estimado.

---

(21) *Diario*, p. 113: "Vin a estatua de Ferrer. É moi interesante como escultura. Unha figura alongada car'ò ceo, como se fose do Greco, non pode simbolizar a liberdade de conciencia... de Ferrer. Fixeron ben en borrarlle o nome de Ferrer pois non merecía ese moimento. E a liberdade de conciencia dos *avanzados* tampouco pode simbolizarse c'unha figura que s'alonga car'enriba en sentido vertical, senón com'unha figura que s'alonga en sentido horizontal".

(22) Castelao, "Conto ilustrado", *A Nosa Terra*, nº 154, 31-XII-1921, p. 4.

No eido artístico, ese compromiso co pobo lévao á defensa e á práctica dun arte ó seu servizo, do que deriva o rechazo das vangardas ensimismadas, requintadas e incomprensibles para a xente común. Polas mesmas razóns, e malia as formulacións tradicionalistas citadas, gaba o arte ruso, e non só o nado directa e espontaneamente do pobo, senón tamén o producido por artistas cultos en sintonía coa revolución bolchevique (23).

Pero a dimensión máis interesante para nós do seu populismo é a sociopolítica. É esa denuncia reiterada e implacable das condicións de vida e de traballo de labregos e mariñeiros, das causas e consecuencias da emigración masiva, da marxinação de cegos, pobres, nenos e vellos. E cómo apón todos eses males sociais á acción dominadora e depredadora dos caciques, do Estado e dos seus funcionarios -en consonancia co seu nacionalismo- mais tamén á do médico, ó avogado, ó crego e, en xeral, a todo poder establecido sexa intra ou extragalego. O que revela unha conciencia lúcida da situación *real* do "pobo" que desemboca en aseveracións xerais potencialmente subversivas, como a do sapo que sentencia "O home é escravo do home". Por outra parte, o seu descontento co mundo no que vive, aínda que, como xa vimos, beba ás veces en fontes no precisamente progresivas, dá lugar finalmente a unha visión escépticamente crítica, que sintetiza moi ben ese demo do *Album Nós* que olla á Terra cunha lupa e se pregunta sarcástico: "...Y-este é o mundo que fixo Deus?". Pregunta que xamais se faría neses termos un tradicionalista auténtico.

A coexistencia do seu neotradicionalismo co seu populismo foi posible mentras a súa aportación práctica ó nacionalismo galego consistiu principalmente en debuxar, pintar e escribir, e mentras ese nacionalismo, por mor da súa propia febleza, puido mante-la ficción da súa neutralidade verbo da loita de clases e do pleito esquerdas-dereitas. Pero cando estas condicións desapareceron, éralle inevitable optar por un dos dous. E Castelao optou. E foise desprendendo do tradicionalismo na mesma medida en que as circunstancias lle foron situando na necesidade de adoptar posturas cada vez máis claramente democráticas no político. Deste modo irá eliminando esa fonda contradicción interna que caracteriza o seu pensamento dos primeiros anos vinte.

Os síntomas iniciais deste proceso coinciden co golpe de Estado de Primo de Rivera. Castelao non se deixa enganar polas promesas descentralizadoras de Calvo Sotelo en 1923-24 e non secunda ó tándem Losada-Risco na súa breve e fracasada aventura colaboracionista co novo réxime. A actuación da Dictadura cos nacionalismos, cos sindicatos e cos partidos políticos -e probablemente tamén a traxectoria do fascismo italiano- parece vacinalo definitivamente contra calquer "futurismo" político, o que, no plano ideolóxico, tradúcese na renuncia ós "novecentismos" arcaizantes que tanto o engaiolaran. O certo é que en 1929-31 nace un Castelao menos artista e máis político e, sobre todo, irreversiblemente comprometido coa democracia "inorgánica", sen por iso perder un chisco de nacionalismo nin de vontade de mellorar a condición material e cultural do pobo. Pero isto lévanos á terceira etapa.

---

(23) Vid. *Diario*, pp. 9, 28-29, 50-51, 103-104 e 218-220.

### 3. A ideoloxía dun líder político: Nacionalismo, populismo democrático, reformismo social (1931-1950)

É agora cando podemos falar con total propiedade dunha ideoloxía política de Castelao, non só porque el fai nesta etapa unha formulación completa que contén suficientes materiais directos para o seu estudo, senón tamén porque este mesmo feito indica que abandona a súa subordinación a outros en cuestións básicas para elaborar un discurso personal (24). Isto non quer dicir que nestes anos xenere unha teoría totalmente orixinal do nacionalismo galego. *Castelao segue a ser un non-teórico*. Pero sí fai unha síntese propia con ideas suas e alleas ás que dá unha orientación, unha finalidade política de seu. E como ocorre sempre con el, a evolución da súa ideoloxía é consecuencia directa da súa praxis política, agora decisiva. Unha praxis que continua dirixida cara a consecución dos mesmos dous obxectivos centrais e interrelacionados: o máximo autogoberno para Galicia que considera posible en cada circunstancia, e o progreso económico, social e cultural do pobo galego. Na medida en que vai comprendendo que eses obxectivos, na situación concreta de polarización da España da Segunda República, só parecen viables cunha radicalización democrática e unha alianza coas esquerdas política e sociais, Castelao acelera o proceso evolutivo que iniciara lento e dubitativo en 1923-24. Por iso o aspecto máis característico da súa traxectoria nos anos trinta é ese continuo desprazamento á esquerda, nun movemento simétrico e contrario ó do seu antigo mentor Vicente Risco.

En función de tal desprazamento cabería diferenciarmos nesta etapa varios subperíodos:

- a) 1931-1933. Castelao nace como líder político ó ser elixido deputado ás Cortes Constituintes. De momento se mantén nunha posición central, e até certo punto neutral, respecto dos enfrontamentos entre a dereita e a

---

(24) Os materiais nos que se contén ese discurso son principalmente: a) Os artigos e outros textos que publica en *A Nosa Terra* nos anos trinta, e que son: "A colaboración do Partido Galeguista cos demais partidos republicanos e autonomistas de Galicia", nº 324, 17-II-1934; "No retorno de Antón Vilar Ponte", nº 326, 3-III-1934; "Os históricos", nº 351, 6-X-1934; a serie "Verbas de Chumbo", logo reproducida en *Sempre en Galiza*, que consta de 14 entregas, nº 362 ó 375, desde o 20-IV ó 25-VII-1935; "Circular da Secretaría Política encol da reitificación do censo eleitoral", nº 389, 9-XI-1935; "Lembranza de Antón Villar Ponte", nº 405, 13-III-1936; e "Discurso no mítin da Cruña", nº 420, 4-VII-1936.

b) As súas intervencións parlamentarias como deputado a Cortes. As máis significativas ideoloxicamente están recollidas en Xosé Lois García, *op. cit.*

c) A súa obra gráfica durante a Guerra Civil, e moi especialmente as tres series *Galicia mártir*, *Atila en Galicia* e *Milicianos*.

d) Os escritos do exilio, fundamentalmente *Sempre en Galiza*, verdadeira *summa* do seu pensamento e, en certa medida, tamén do de tódala súa xeneración. Respecto dos numerosos artigos e conferencias do período 1939-1950, vid. a recopilación de Ricardo Palmás, *Castelao: prosa do exilio*, Patronato da Cultura Galega, Montevideo, 1976.

esquerda no nacionalismo. Con todo, é inequívoca a súa fidelidade á democracia republicana.


- b) 1933-1936. A derrota electoral de novembro de 1933 e a actuación dos gobernos do "bienio negro" convenceno da natureza antidemocrática, antipopular e antinacionalista da maior parte das dereitas españolas e galegas, e dentro delas, do papel negativo da ideoloxía católico-tradicionista. Por outra parte, o seu desterro a Badajoz pono en contacto directo coa España do latifundio, coa conseguinte toma de conciencia sobre o carácter antagónico e a gravidade da loita de clases que ferve baixo as confrontacións políticas. Disto deriva o seu convencemento de que só na alianza coas esquerdas hai futuro para o autogoberno galego, amén da xusticia das reivindicacións dos traballadores. En consecuencia, pilota xunto con Alexandre Bóveda a deriva do Partido Galeguista cara ó Frente Popular.
- c) 1936-1939. A Guerra Civil radicaliza aínda máis as súas posturas. O seu antifascismo tradúcese no ideolóxico nunha actitude de máxima apertura e tolerancia verbo das esquerdas, incluídas as máis extremas.
- d) 1940-1946. Castelao condicionao todo á pervivencia do nacionalismo na emigración e a apuntala-lo fronte republicán no exilio, mais intentando reformulalo nun sentido federalista, na esperanza de que a victoria aliada permitise restaura-la República, pero agora federal, en España.
- e) 1947-1950. A consolidación do franquismo, por mor da guerra fría, e a creba política das institucións exiliadas reavivan a súa sempiterna desconfianza no republicanismo españolista e fomentan nel un retorno parcial a posturas fundamentalistas no seu nacionalismo ó que, na práctica, só lle resta legar un testamento xeneracional coa vista posta nun rexurdimento futuro, cúa proximidade ou lonxanía non é posible prever.

Todos estes avatares personais e políticos, xa tratados na primeira sección do Congreso, tiveron consecuencias ideolóxicas de moi diferente entidade. Nuns casos dan lugar a cambios cualitativos; noutros, a variacións de matiz en compoñentes maiores que fican basicamente estables. Entre os primeiros, compre salientarmos outra volta que o neotradicionalismo deixa de ser un deses compoñentes principais para ser substituído polo liberalismo democrático, o que non impide que conserve en todo momento algunhas ideas daquela orixe, sempre que esas ideas, ó non ter unha repercusión política necesaria é inmediata, non impliquen atrancos ás súas posturas políticas. Entre as segundas, son moi perceptibles as fluctuacións na intensidade e mesmo na cualidade do seu referente de negación-oposición nacional (Castela/España), en función da maior ou menor esperanza que en cada momento ten na construción dun marco de convivencia das nacións ibéricas en liberdade e igualdade.

Pero, malia estas oscilacións, polas que ás veces hoxe contradí o que afirmara onte en certas cuestións, o conxunto do seu pensamento amosa nesta etapa unhas continuidades básicas que son as que nos aconsellaron individualizala.

CADRO III

MODELO DE ANÁLISE ESTRUCTURAL E EVOLUTIVO DAS IDEOLOXÍAS NACIONALISTAS



Para o estudo dese pensamento utilizo, coas simplificacións e omisións a que obriga o carácter desta ponencia, o modelo analítico xeral que elaboréi na miña tese de doutoramento para aplicalo ó nacionalismo galego, modelo que se expón dun xeito sinóptico no Cadro III.

### *Os cambios na súa ideoloxía de base*

Xa apuntamos que o máis importante é o devalar do seu neotradicionalismo, patente xa nos primeiros anos trinta, e directamente derivado da súa indignación contra unhas dereitas que usaban patriotismo e relixión para defenderen a súas posicións de dominio. A estada en Badajoz implica nel a plenitude desta postura:

"E unha vez que se promulgaron leis xustas, capaces de remediaren tanta miseria, erguéronse as "dereitas" hespañolas, alporizadas, i-empuñando un crucifixo comenzaron a falar de inxusticias e sacrilexios [...] Levo xa oito meses a estudar as entranas dos señoritos hespañoles. Estes monifates, podres de diñeiro, deron na teima de chamaren *marxistas* a cantos defenden as xustas reivindicacións do pobo traballador, e a chamaren *antiespañolas* a cantos defenden as liberdades constitucionales. A min dame medo que esta caste de parásitos chegue a gobernar sen trabas, porque entón Hespaña remataría de afundirse. Ollade, meus irmáns labregos e mariñeiros, que os señoritos queren a reforma da Constitución para continuaren a tráxica hestoria de Hespaña, aferrollando os anceios liberais e democráticos que se sinten nos povos diferenciados, porque somentes co uniformismo político lograrán repartir a fame e a miseria, que eles producen n-estas terras de señorío semifeudal [...] E velahí a razón primeira do seu patriotismo, tan falso e finxido como a relixiosidade da que alardean" (*Sempre en Galiza*, pp. 17, 28).

Pero esta diatriba é extensiva tamén ás dereitas galegas e ó *uso político da relixión* en calquera caso, incluído o nacionalismo galego. Daí a descalificación da escisión do Partido Galeguista que dá lugar en 1935 á minúscula Dereita Galeguista de Pontevedra. E daí a súa carta a Otero Pedrayo o 6 de xullo de 1935 na que, logo de repetir en termos case idénticos a denuncia que vimos de citar, conclúe: "Non; non se pode ser de dereitas, aínda que a cousa non se vexa máis que baixo o aspecto relixioso" (25).

Inevitablemente isto tiña que levalo a unha reformulación das súas bases ideolóxicas previas e concretamente a tenta-la difícil conxugación do seu novo antitradicionalismo político coa preservación dun concepto de Galicia-nación no que as "esencias eternas" (= tradición en canto legado histórico) tiñan un peso decisivo. E Castelao procura mediante o ensaio dunha definición non tradicionalista da tradición!:

"Pero hai algo que xa existía en permanencia, e que os galegos debemos respetar: a verdadeira e auténtica tradición de Galiza. Non, por certo, aquela tradición dos chamados tradicionalistas, que se afina nos tópicos da hestoria e que trata de anovarse nos erros e traicións de certos príncipes, senón aquela enerxía étnica que vive nos limos da conciencia nacional de Galiza. Porque a verdadeira tradición non emana do pasado nin está no presente, nin se alvisca no

---

(25) En Fundación Penzol, Fondo Otero Pedrayo.

porvir; non é serva do tempo. A tradición é alma eterna de Galiza, que vive no instinto popular e nas entranas graníticas do noso chán. A tradición non é a historia. A tradición é a eternidade" (*SEG*, p. 38).

Certamente, nesta redefinición é moi perceptible, mesmo no uso dalgunhas expresións, a influencia de Otero Pedrayo, empeñado neses anos nun *aggiornamento* políticamente liberalizante do tradicionalismo católico (26). Porén, Castelao vai moi alén disto, até una nidia ruptura que ás veces incluso lle fai renegar, non da historia, mais sí dese legado histórico cuia preservación era a razón de ser dos tradicionalistas:

"Unha sumisión ao pasado (¿para proseguir o derrame suicida da nosa persoalidade nacional?) significaría unha negación das arelas patrióticas do galeguismo. O pasado, pai do presente, non-os deixou máis que desilusións de vida e complexos de inferioridade. E non valen interpretacións amañadas, nin glorificacións xenerosas, par disculpar o que non ten disculpa, porque o pasado tróuxonos a esta realidade presente, visible e palpable, que os galegos queremos abolir" (*SEG*, p. 27).

E nesta liña, o que desde Brañas a Otero foran laídos pola indiferencia da Igrexa para co galeguismo, ó contrario que en Cataluña e Euskadi, en Castelao é condena sen paliativos ó papel histórico dunha institución que "foi o instrumento con que Castela decapitou á nación dos irmandiños" (*SEG*, p. 373). En concordancia con isto, no seu discurso agroma algún que outro eco desa teima de Antón Villar Ponte por inserir o "espíritu liberal" no cerne mesmo do carácter galego, e así o Pai Feijóo era para Castelao, "aldeano de nacimiento y galleguísimo por la predisposición *liberal* y enciclopédica de su curiosidad" (27).

A pesar do devandito, a súa ruptura co tradicionalismo non é total no ideolóxico, aínda que sí o sexa no político. No seu discurso fican numerosos restos do outrora todopoderoso ascendente de Risco e Losada, se ben agora esas ideas sobreviventes perden peso ou cumpren funcións diferentes dentro da súa ideoloxía. Salientamos a continuación as máis significativas ó noso xuício.

Amén de pequenos ecos irracionalistas, atlantistas e antiáticos de inequívoca procedencia risquiana, como ese reproche ós "repúblicos", "que razoaban pero non intuían" (*SEG*, p. 75), o concordante compracerse en que "os galegos non somos homes lóxicos, cicais por termos os ollos embafados pol-a brétema do Atlántico" (*SEG*, p. 88), ou o lamentarse de que a Reconquista fixera que "España se volcase nas augas podres do Mediterráneo" (*SEG*, pp. 36, 241), resulta moi significativa a súa arela dunha "democracia republicán e cristián" (*SEG*, p. 17) nos mesmos momentos nos que ataca o uso reaccionario da relixión, ou a ardidá defensa que fai do ensino católico en 1940, xusto cando el iniciaba un exilio defi-

---

(26) É moi clara a pegada do seu artigo "Tradiceón e Modernidade", ANI, nº 283, 1-V-1931, p. 6, e do coñecido libro *Ensayo histórico sobre la cultura gallega*, ed. Nós, Santiago, 1932. Sobre a ideoloxía de Otero Pedrayo, vid. Justo G. Beramendi, "O nacionalismo de Otero Pedrayo", *A Nosa Terra*, ext. nº 8, maio 1987.

(27) Castelao, "Galicia y Valle Inclán", *Pensamiento español*, Buenos Aires, I, nº 5, sept. 1941, pp. 36-37. Rep. en R. Palmás, *op. cit.*, p. 44.

nítivo e o franquismo, unha das súas bestas negras, imponía a todos ese tipo de ensino (*SEG*, p. 232).

Máis entidade ideolóxica teñen, neste aspecto que vimos comentando, dous grupos de ideas. O primeiro refírese a relación ruralismo-Galicia; o segundo, á relación liberalismo-historia.

Castelao conserva no fundamental a identificación *Natureza-sociedade rural-alicerce da galeguidade*. Pois ó cabo, "se a nosa Terra conserva o seu ser e o seu estilo arquitectural débese á impotencia do Estado para convertila en seara castelán, e se aínda temos folgos para obedecermos ao mandado da Natureza, sólo se debe á impermeabilidade do espírito aldeán, fillo da terra, que sabe resistir as agresións esterilizadoras do Poder" (*SEG*, p. 27). Por tal motivo quere "eisaltar o nobre ruralismo de Galiza fronte á retrasada urbanidade de Castela" (*SEG*, p. 260). Sabemos que este ruralismo ten en Castelao unha orientación predominantemente reformista e progresiva, o que non é obice para que algunha vez se complemente con notas filofidalgas moi oterianas. Velaquí o que lle suxire a figura de Valle-Inclán en 1941: "los hidalgos arosanos [son] una casta de hombres que pone siempre por encima de las riquezas materiales la imponderable riqueza del espíritu. Por esto viven en pazos hipotecados" (28). Tampouco é impedimento para manter a visión dun certo parasitismo da cidade respecto do campo (29) e, en consecuencia, a idea de que os obreiros dalgún xeito se aproveitan, ou poden aproveitarse, dos traballadores primarios, e introducen coas súas loitas reivindicativas un factor distorsionador e alleo á realidade propiamente galega, entorpecendo así a posible solución dos problemas autóctonos: "¡Qué importa que a nosa caste xenerosa dera un Pablo Iglesias, o gran orgaizador do obreirismo hespañol! Os obreiros, como é natural, pedían patacas baratas, carne barata, peixe barato, sen ofrecen compensación algunha aos labregos e mariñeiros, e así os auténticos traballadores de Galiza -labregos e mariñeiros- quedaban ao marxe das reivindicacións proletarias ou incorporados á loita de crases por un absurdo mimetismo, antramentras que os problemas creados pol-a peculiar morfoloxía económica de Galiza xacían sen solución posible dentro das normas legaes ou revolucionarias" (*SEG*, p. 38).

Pasemos agora á segunda cuestión, a da relación liberalismo-historia. Atopamos en Castelao unha reiterativa fundamentación historicista do que, na súa opinión debía ser a democracia *auténticamente hispánica*, con argumentos que, nalgúns aspectos farían as ledicias dun Martínez Marina e desde logo do Murguía novo. Esa fundamentación permite a Castelao "reciclar" ideolóxicamente unha parte do seu neotradicionalismo anterior poñendo ó servizo do seu iberismo democrático-confederativo tanto a avaliación positiva da Idade Media como o refugo do liberalismo "oitocentista". Para iso situa na época medieval a orixe do espírito democrático hispánico que se manifestaba nas "liberdades locaes e corporativas, que representaban a forza, a sabiduría e a prudencia de Hespaña", espírito

---

(28) *Ibid.*, p. 39.

(29) "Se non fose pol-o leite das vacas a piolleira das cidades morreríase desntrida", *Sempre en Galiza* (1944), 2ª ed., Ed. As Burgas, Buenos Aires, 1961, p. 17.

que logo foi asoballado polo "absolutismo dos reis estranxeiros" (*SEG*, p. 304), unha vez vencida a resistencia personificada nos Comuneros, os Pardo de Cela, Lanuza, etc. e que rexurdirá na época contemporánea. Deste xeito é posible ser democrata e asemade repudiar calquera filiación coa liña xenealóxica Ilustración-Revolución Francesa-Liberalismo Decimonónico Centralista:

"Sabemos que o sentimento de liberdade e de independencia que todol-os hespañoes conservan amorosamente, non é un reflexo das ideas revolucionarias de Franza, difundidas pol-o liberalismo; é un eco lonxano das tradicións hespañolas, confiscadas pol-a monarquía absoluta, pois en Hespaña o réxime democrático é moito máis antigo que o despotismo [...] a Revolución Francesa consolidou o centralismo que impuxeran os déspotas e alonxou a Hespaña do seu propio ser. Un falso perfeccionamento do Estado, somentes burocrático, afogou a vida nacional, e os prometidos dereitos do home degradaron de tal maneira ás masas que hoxe os máis ardidos liberaes sóo deberían pensar na unión da *liberdade* coa *sabiduría*, salvando d-este xeito á Hespaña das consecuencias do individualismo, é decir, do seudoliberalismo. O concepto de liberdade en Hespaña non é froito das doutrinas do oitocentos, e a esencia pura da democracia compre buscala nos fondos anteriores á unidade hespañola. Así, pois, as arelas galegas, vascas e catalanas son hespañolísimas" (*SEG*, p. 258).

É evidente en todo isto a intención de reformula-lo concepto do "hespañol" na procura dunha vía non separatista para os nacionalismos periféricos. Pero máis adiante volveremos sobre este aspecto, ó tratarmos as modulacións do referente de negación. Agora interésanos só amosar a imbricación de elementos ideais heteroxéneos, con independencia da finalidade que se persiga. E neste sentido, a consecuencia inmediata desa fundamentación medievalizante é o rechazo do pasado constitucionalista español, pois *tódalas* Constitucións que houbo en España "foron artificiosas e contrarias á realidade natural de Hespaña", xa que "aquelel constitucionalismo, que impuxeron os liberaes hespañoes, non foi máis que unha burda mistificación da liberdade, unha tapadeira dos métodos absolutistas [...] Qué máis dá absolutismo que centralismo! Qué máis dá feudalismo que caciquismo!" (*SEG*, pp. 159, 305).

Pero estas pervivencias neotradicionalistas non abundan para escurecer a definición inequívocamente democrática que dá agora ó seu nacionalismo: "A miña Terra conta, por ventura, c-un partido político que se afinca nos postulados democráticos da Constitución republicana, capaz de remediar a miseria moral e material dos nosos irmáns" (*SEG*, p. 16). O que implica unha indisoluble unión galeguismo-republicanismo (30) e unha fundamentación "liberal" da reivindicación federal: "o noso federalismo xurde dos sentimentos democráticos e liberaes que animan o noso credo" (*SEG*, p. 319).

Esto último explica a reiterada presenza de Pi i Margall nos seus escritos, con quen Castelao mantén un diálogo peculiar e esclarecedor, no que recolle posturas doutros correligionarios, e moi especialmente de Ramón Villar Ponte

---

(30) "...por estarmos, dende sempre, identificados cos principios republicans (...) Somos republicans porque somos galeguistas" (*SEG*, p. 181).

(31). Por unha parte, Pi é un dos teóricos máis citados e gabados, por consideralo autor da única fórmula capaz de resolver definitivamente o principal problema histórico dos pobos ibéricos: "las instituciones republicanas habrán de ser verdaderamente españolas [= federais] cuando sobre la cabeza de nuestros legisladores descienda el espíritu de don Francisco Pi y Margall" (32). Pero isto non é óbice para rexeitar os alicerces ideolóxicos do federalismo pimargalliano, é dicir, o seu concepto radical e sistemáticamente voluntarista de nación, un concepto que, a xuício de Castelao, é "indispensable superar", pois "se inspiraba na teoría do pacto e opoñía ao criterio da natureza e da historia o da vontade na formación dos Estados" (SEG, p. 205). Castelao ve precisamente nesta concepción a orixe da eivada executoria histórica dos republicáns federais en España: "Ningúen soupo ver que a salvación do republicanismo estaba no rexionalismo [a fins do século XIX] e na superación d-eso que se chamaba *teoría filosófica del pacto sinalagmático y conmutativo*" (SEG, p. 173), superación que, por suposto, radica, segundo Castelao, na combinación do *federalismo político*, proposto orixinariamente por Pi, co *organicismo ideolóxico* dos nacionalismos periféricos.

Por outra parte, a indubidable asunción da democracia política segue a modularse en Castelao con eses acentos elitistas nos que comulgaran sempre tódolos *bós e xenerosos* de dereita ou de esquerda, desde Vicente Risco a Antón Villar Ponte, xa que, ó cabo, "tódolos povos necesitaron unha aristocracia como agora necesitan unha *élite*, aristocracia non vitalicia nin hereditaria" (SEG, p. 381), e nen sequera plutocrática, senón intelectual. Por iso, na súa opinión, todo é potencialmente revisable, mesmo o liberalismo económico e político, agás a liberdade de espírito, "porque no terreo da arte, da ciencia e de calisquera manifestación desintresada, unha minoría de sabios e artistas pode alcanzar o imperio do mundo" (SEG, p. 222). E nunha ocasión, incluso resoan moi claros os ecos salvapovos do "cirujano de hierro" costiano:

"Un home que teña fé no ideal que propaga non debe resignarse a morrer sen velo realizado, a non ser que morra en loita pol-o seu ideal. E aínda direi máis, espóndome a que se duvide das miñas conviccións democráticas: Se o povo non quixera enterarse do que lle convén e fíxese desprezo do remedio que pode salvarlo, ¿habrá algún home de fé que deixase de impor ese remedio, aínda pol-a forza, se dispuxese de poder para tanto? Porque un home de verdadeira fé nos ideaes que predica, e con coraxe para remediar as desventuras do povo, vai cara o trunfo cando se poida e como se poida" (SEG, p. 10).

Porque unha cousa é a democracia política e outra moi diferente a igualdade de capacidades: "se todos somos igoales, ¿por qué facedes eleicións? Facede

---

(31) Cfr. Justo G. Beramendi e Xosé M<sup>a</sup> Monterroso, "A vida e a obra de Ramón Villar Ponte", estudio introductorio a R. Villar Ponte, *Obra política*, Ed. do Castro, A Cruña, en prensa.

(32) Castelao, *Verbas ditas polo deputado galego - no Stadium Centenario de Montevideo*, Irmandade Galega, Bos Aires, 1943. En R. Palmás, *op. cit.*, p. 67. Vid. tamén SEG, pp. 141, 160, 170-173 e 202.

sorteo e xa está [...] Toda entidade democrática é unha pirámide; pero enriba de todo non se coloca a un calquera" (33).

Para calibrarmos ben o alcance deste elitismo, compre non esquecer que daquela estaba moi espallado, non xa entre os nacionalistas galegos, senón tamén entre as tendencias máis anovadoras e reformistas do liberalismo español, e moi particularmente nas de inspiración krausista e rexeneracionista.

De todos modos, ese elitismo unido ó seu nacionalismo galego fixan os límites á súa apertura ás esquerdas colectivizantes e son as claves para entendermos o seu significado. En efecto, a principal regra de medir que aplica Castelao para avaliar positiva ou negativamente calquera ideoloxía ou forza política é a actitude desta verbo da cuestión nacional. Por iso, malia o innegable compoñente rexenaracionista do seu proxecto político (compoñente presente na tendencia liberal do galeguismo desde principios de século), critica a Costa porque, na súa opinión, enfoca a cuestión nacional en España dun xeito non moi diferente ó de Royo Villanova (*SEG*, pp. 299-300), e en cambio aproba as posturas de Julio Senador Gómez (*SEG*, p. 414). Resultado da aplicación do mesmo criterio son as súas denuncias do españolismo dos republicanos, e moi especialmente de Lerroux, e a pesar diso non renuncia a convencelos de que deben rectificar (*SEG*, pp. 59-60); ou as súas descalificacións da ambigua traxectoria do PSOE neste eido, o que non lle impide louvar as teses dun Besteiro sobre a cuestión nacional (*SEG*, pp. 56-57, 436-437). E é este criterio *puramente nacionalista* o que dá o seu verdadeiro sentido á súa aprobación, tan comentada e tan terxiversada, da definición staliniana de nación e ó seu poñer á URSS como exemplo a imitar na reformulación do Estado hispánico. Se temos en conta que, con esa definición, Stalin -como pouco antes fixera Bauer- mete de matute no marxismo o núcleo duro do organicismo centroeuropeo (algo que xa viu e criticou Lenin no seu momento), non é sorprendente que Castelao sintonizase rápidamente con algo que era idéntico ó que el mesmo pensaba, "porque a este respecto, [Stalin] é un autor libre de ofuscacións filosóficas" (*SEG*, p. 39), o que, traducido a román paladino, quer decir limpo de impurezas liberal-voluntaristas e, *neste punto*, tamén marxistas (34). Igualmente preciso é Castelao no relativo a qué aspectos da URSS compre imitar: "Sen emitir comentarios ao réxime social i económico da URSS creemos que, no orde puramente político, cabe a Hespaña unha estruturación semellante á d-aquel Estado" (*SEG*, p. 62).

Parece abondo claro, pois, que o suposto Castelao ideolóxicamente filomarxista ou filocomunista é pura invención dalgúns. *Castelao é universalmente filofederalista* e por tal razón tanto lle dá o federalismo soviético como o norteamericano (*SEG*, p. 220).

---

(33) Castelao, "Verbas de chumbo", *Ronsel*, Buenos Aires, I, nº 1, oct. 1941, p. 9.

(34) Trato moito máis extensamente as cuestións que suscitan as definicións de Bauer e Stalin e, en xeral, a evolución da análise da nación e dos nacionalismos no marxismo, na Introducción á miña tese doutoral *El nacionalismo gallego en el primer tercio del siglo XX*, Universidade de Santiago, 1986, tomo I, pp. 33-91.

Ora ben, sí é certo, en cambio, que a percepción de que dereitas e fascismos son, no período de entreguerras, os maiores inimigos das arelas das nacións sen Estado lévao a unha crecente tolerancia cos programas mesmo da extrema esquerda, cecais por aquilo de que "o inimigo do meu inimigo é o meu amigo" e, desde logo, pola obvia necesidade de armar un grande frente sociopolítico contra os adversarios comúns. Dá os seus esforzos para convencer ós anarquistas de que deben apoiar as reivindicacións nacionalistas se queren ser totalmente coherentes cos seus principios libertarios (*SEG*, p. 57), ou os seus argumentos para demostrar que ó proletariado lle convén sumarse ás loitas anti-imperialistas de liberación nacional nunha alianza internacional de obreiros e campesinos (*SEG*, p. 53).

As vivencias do seu desterro extremeño son outravolta moi ilustrativas da natureza e dos motivos da súa evolución. Recén chegado a Badajoz amósase inaccesible e despectivo co alleo, por moi de esquerdas que sexa: "Algúns republicans e socialistas empeñáronse en ser amigos meus; pero cheiran a viño e dinlles esquinazo. ¿Qué me importa a min o que eles leven na chola? A min impórtame Galiza e nada máis" (35). Meses despois, en maio de 1935, a súa actitude é moi outra: "Se eu fose natural d-este país [Extremadura] e sentise anceios de axudar a reivindicalo, non me quedaría máis que un recurso: ser socialista". Pero engade, en perfecta concordancia co que vimos decindo e co seu análise de Galicia ó que aludiremos despois: "sendo galego non debo ser máis que galeguista" (*SEG*, p. 15). O principio rector segue a ser, pois, o nacionalismo. Un principio que, lóxicamente, preside tamén a súa visión da historia.

Ainda que sería inútil buscar no seu discurso unha teoría da historia, sí atopamos aquí e acolá ideas que convén recoller e que revelan, en primeiro lugar, un sustrato idealista, que aflora en frases como "a loita nobre e leal das ideas é o que asegura o progreso" (*SEG*, p. 244). En segundo lugar, e como indica esa mesma frase, Castelao introduce agora algúns matices de progresividade na concepción espiritualista, cíclica e pesimista de orixe risquiiana, pois afirma que "a humanidade non retrocede" (*SEG*, p. 222), senón que avanza mediante un progreso histórico non lineal que matiza esa spengleriana decadencia inevitable de Occidente na que Castelao, no fondo, non cre (36). Por último, e como era previ-

---

(35) Carta a Ramón Otero Pedrayo, Badajoz, 5-XII-1934. Fundación Penzol, Fondo Otero Pedrayo.

(36) "Din que a humanidade anda ao redor d-un circo e que cai sempre no punto de partida; mais xa se dixó que todo é según se miren as cousas, porque o certo é que seguimos unha espiral, ascendendo cara á perfeición. Tamén se dixó que en cada volta hai tres períodos -o de iniciación, o de desenvolvemento e o de decadencia-, e que as voltas están comandadas, cada unha d-elas, por un signo de fatal civilización. Os vixiáns do futuro fartáronse de anunciaren a decadencia da nosa época, i eu quero explicar, ao meu xeito, a esperanza que hai alén do actual pesimismo: a esperanza que eu vexo e que me sostén.

Accollámonos á división vulgar da hestoria e pensemos que a humanidade obra por determinacións inesorables (a formiga é libre, mais non o formigueiro). Pois ben; Exipto, Grecia e Roma compoñen unha volta, que, ao tronzarse, pol-a invasión dos bárbaros, dá entrada a outra volta de signo diferente: a da Edade Meia, Renascimento e tempos modernos. Exipto, pois, é un período de iniciación,

sible, considera que o axente histórico principal, aínda que non único, é a nación. Xa que logo, a causa maior dos problemas e conflitos da humanidade é a opresión nacional (37), polo que, se ben acepta que os grandes Estados poideron ser inevitables noutras épocas, hoxe constitúen o primeiro atranco para o progreso humano.

Non obstante, e este é un elemento máis que o alonxa das retro-utopías arcaizantes, é conscente de que o desenvolvemento do capitalismo mundial estableceu unha interdependencia necesaria entre tódalas nacións que fai inviable calquera autarquía: "A independencia absoluta dos povos era natural cando cada país producía o que os seus habitantes necesitaban; pero esta independencia é imposible cando as necesidades dos homes desbordan a decotío os lindeiros da súa nación" (*SEG*, p. 217).

Compre, pois, ensaiar unha vía histórica capaz de resolver esa contradición entre a irreversible realidade da unificación crecente da economía-mundo e as indestructibles arelas das nacións á súa liberdade. Para Castelao esa vía está clara: "A solución xusta [dos problemas do mundo] está en que os povos se sometan vontariamente a un soio plan económico; pero conservando cada un d-eles a súa soberanía política (Esto chámase federalismo)" (*SEG*, p. 217). Un federalismo que deberá implantarse a tódolos niveis, desde o mundial para solucionar harmónicamente o falso dilema nacionalismo/internacionalismo ("é necesaria a federación internacional para salvar a economía e a paz do mundo", *SEG*, pp. 55, 62), até o das federacións "estatais" intermedias. Por exemplo, no caso español, a instauración dun federalismo bicameral permitiría, segundo el, conciliar o respecto

---

dominado pol-o sentimento relixioso, e o seu equivalente, na volta que sigue, é a Edade Meia (Exipto deixou as pirámides e a Edade Meia deixou as catedraes). Grecia é un período de desenrolo, caracterizado pol-o enfriamento relixioso e por unha eclosión da outa cultura, equivalente ao Renacemento (ambos deixaron obras insuperables da arte e do pensamento). Roma é un período de decadencia espiritual e, ao mesmo tempo, de progreso utilitario, onde morre o sentimento relixioso e arruffian as entranas da cultura. Roma equival aos tempos en que estamos vivindo agora, e ambos os dous períodos deixarán camiños e pontes... Se o devandito ten algunha forza de verdade podemos creer que a guerra actual é unha equivalencia da invasión dos bárbaros e que, pol-o tanto, estamos asistindo ao fin dos tempos modernos, en cuio remate perecerán os principios avanzados que, en realidade, non sexan máis que eclosións do ambiente materialista e positivista, pois se a lei se comprise retornaremos ao imperio do espírito (...) Estamos fatalmente abocados a un período de iniciación, comenzo d-unha nova volta, na que xurdirán sentimentos relixiosos, cicáis nutridos por anxeios inéditos, a moita distancia das resiliacións que viñeron de Ourense. E achegando máis o ceo à terra, os homes e as greas xa non loitarán pol-o benestar senón pol-a felicidade. Velahí a espranza que me alumea; e se a liberdade é consustancial co espírito relixioso xa non debemos temer ao futuro, porque entón desaparecerán as doutrinas de odio e de domiñación" (*SEG*, pp. 247-248).

(37) Por exemplo, cré que a Segunda Guerra Mundial probablemente podería terse evitado de aplicar de verdade en 1918 o principio das nacionalidades (*SEG*, pp. 214-217). E fai idéntico diagnóstico da xénese da Guerra Civil española: "Por non ser federal a República e non dividir a Hespaña en compartimentos estancos morreron máis dun millón de hespañoes" (*SEG*, p. 207. Vid. tamén pp. 160-163).

á vontade e os dereitos das nacións federadas, en canto tales nacións, cos dereitos e liberdades dos individuos en canto individuos, é decir, co principio da soberanía popular (*SEG*, p. 410).

Do devandito despréndese que a *nación* é unha categoría clave no seu pensamento. Na súa intervención, Ramón Maiz, desenvolverá máis e mellor ca min o concepto que tiña Castelao tanto da nación en xeral como de Galicia-nación en particular. Pero, xustamente pola centralidade dese concepto na súa ideoloxía, non podo eludir o comentario das súas características básicas, pois de facelo todo o meu análise ficaría coxo. Espero que os congresistas (e no futuro os lectores das Actas) saiban desculpar as repeticións que se deriven desta circunstancia.

Como cabía prever pola súa traxectoria ideolóxica anterior e polas diverxencias xa sinaladas co federalismo pimargalliano, Castelao explicita un concepto de nación monolíticamente orgánico-historicista, que exclúe con rotundidade a xénese nacional político-voluntarista que concebira o liberalismo revolucionario nos albores da Idade Contemporánea: "Cremos que a vontade popular plebiscitada, por moita importancia que ela teña, non lle dá a unha rexión a categoría de nacionalidade. As nacións non se crean somentes pol-a vontade dos homes" (*SEG*, p. 62). Moi ó contrario, e posto que "cada povo obedece ao pulo xenésico que o enxendrou [...] un país sóio é nación cando descansa sobor de bases firmes e ten unha alma común, diferente ós demais e incapaz de deixarse asimilar" (*SEG*, pp. 276, 281). Por tal razón,

"...o feito nacional é unha fatalidade biolóxica, independente do ser político, que se basa na vontade dos homes [...] A nación, para nós, é un grupo humano étnicamente diferenciado, que cobre un territorio característico, que fala unha lingua propia e rixe a súa vida moral e física por tradicións e costumes peculiares. Esta nación pode ter unha soberanía civil independente ou diminuída; pode convivir con outras nacionalidades e formar con elas unha soia vontade política; pode, en fin, vivir asoballada por outra "nación" e sometida a un Estado opresor" (*SEG*, p. 294).

Esta definición é a canónica do galeguismo desde que Vicente Risco a establecera na súa *Teoría do nacionalismo galego* en 1920, pero *cunha variante moi significativa*: a raza é destronada do lugar preeminente que desde Murguía viña ocupando como factor primeiro da etnicidade e, por tanto, da xénese da nacionalidade. Agora acóchase baixo esa "fatalidade biolóxica", pero non figura na enumeración dos elementos diferenciadores. De seguro, isto é consecuencia do afán por abrir un abismo político, e tamén ideolóxico, entre o nacionalismo galego e os racismos fascistas. No lugar da raza, Castelao eleva á lingua -e con ela á cultura e ó Volksgeist- ó rango de sustancia maior da nacionalidade:

"de tódol-os vencellos sociaes d-unha nación, a fala é o primordial i-esencial, porque aglutina e caracteriza ós elementos do grupo e mantén a potencialidade do feito nacional" (*SEG*, p. 286).

É evidente, en todo caso, que a conciencia nacional e a conseguinte vontade política de constituirse en nación *non son para Castelao condicións necesarias do ser nacional*, aínda que recoñece que son moi importantes para o seu devir político, imprescindibles para acadala súa liberación. Pero se refiren a algo *externo* a

ese ser, á consecución dun Estado propio: "O embrullo ármase cando a nacionalidade -que é un ser natural- pasa do sentimento dos seus fillos á súa vontade política, é decir, cando a Nación quer constituir un Estado" (*SEG*, p. 294).

### *O concepto de Galicia-nación*

E unha desas *nations naturais* é Galicia, "que foi modelada en sustancias eternas" (*SEG*, p. 274).

En función do seu concepto xeral de nación, Castelao describe polo miúdo os caracteres da nación galega. Recolle a definición de Stalin e demostra que Galicia reúne, un por un, tódolos requisitos. E aínda que nalgún lugar fala da "permanencia e continuidade da nosa raza a través de dous milenios" (*SEG*, p. 264), á hora da exposición sistemática do seu concepto de Galicia-nación (*SEG*, pp. 39-56) rexeita á raza como factor constitutivo. A pesar disto e do recurso a Stalin, a pegada risquián é evidente en tódolo demáis, mesmo na coñecida conxunción *ethnos-gea* para o nacemento da nacionalidade: "sólo en un entrar del hombre en el paisaje y de la tierra en el hombre se forjan los atributos morales de una nacionalidad" (38).

En suma, o compoñente principal do ser nacional é para el a etnicidade, á que se subordinan os restantes elementos constitutivos. Unha etnicidade na que agora predomina a sustancia cultural, espiritual (*Volksgeist*-lingua-costumes) sobre a material-biolóxica, según dixemos xa (*SEG*, pp. 264-269).

En segundo lugar ven a historicidade, que non pasa de ser un elemento complementario, de apoio á etnicidade. A súa vontade de marcar distancias co tradicionalismo político lévao agora a unha avaliación ambigua, incluso contradictoria, do pasado de Galicia e do legado da historia, da que dimos algunhas mostras. Pero como Alfonso Mato vai tratar monográficamente este aspecto na súa comunicación, non insistimos máis nel.

Máis problemática resulta a súa consideración dos elementos constitutivos de índole socioeconómica. Por unha parte, Castelao non pode incluír, á maneira tradicionalista, certas relacións de produción e as estruturas resultantes entre os caracteres constitutivos da nación galega, pois iso o colocaría perante a disxuntiva de optar ou polo nacionalismo así definido ou polo cambio cualitativo na situación do pobo. Neste sentido, e posto que o seu nacionalismo xamais renunciou ó segundo, tiña que considerar que ningunha estrutura en particular era constitutiva da galegitude como tal. Con todo, certas afirmacións parecen indica-lo contrario: "Galiza conserva unha morfoloxía social antiquísima e propia, estable e definitiva, non recoñecida pol-o Estado", ou "a constitución social da nosa Terra responde a institucións inmemoriaes e sempre xustas [!]" (*SEG*, pp. 272-273). Frases que, tiradas do seu contexto e unidas á visión reduccionista que dá do foro e da súa evolución, parecerían incompatibles, non só co xa dito, senón tamén coa súa actitude antiforal e prolabrega de sempre e, desde logo, coa reivindicación programática do Partido Galeguista que el mesmo lembra e enarbora acto seguido:

---

(38) *Verbas ditas [...] no Stadium Centenario, op. cit., p. 67.*

"A terra para o Traballo; o traballo para a Terra" (*SEG*, p. 274). A única explicación que cabe é que Castela, cando fala de "morfoloxía" ou "constitución" social, non se refire a clases, reximes de propiedade ou relacións de produción, senón a aspectos algo menos precisos e moito máis constantes ó longo da historia (polo menos na súa apreciación) como a organización da parroquia rural, a xeneralización da pequena "propiedade" desde sempre (sen distinguir entre mero dominio útil no Antigo Réxime e verdadeira propiedade), o carácter disperso dos asentamentos, e sobre todo, o ruralismo e o conseguinte predominio case absoluto das actividades primarias no conxunto da economía. Pero, aínda con este significado, é indudable a inclusión de elementos socioeconómicos entre as características inmutables do ser nacional, o que non deixará de reflexarse tanto na súa diagnose da situación de Galicia como na natureza do seu proxecto transformador.

Non acontece igual cos elementos estrutural-políticos que, como vimos, son explícitamente excluídos, o que non impide que a "vontade de existir" da nación sexa apreciada por ser síntoma dunha vitalidade de seu, e así:

"Galicia tiene una personalidad intrasferible, que se revela en su morfología social y económica, en su derecho consuetudinario y, por ende, democrático, en su lengua, en su cultura, y también en su voluntad de existir, manifestada a través de muchos siglos y últimamente en el plebiscito autonomista del 28 de junio de 1936 y en un segundo plebiscito: el plebiscito trágico de muchos, muchos miles de mártires" (39).

Pero estas alusións son ocasionais e imprecisas, pois unhas veces se trata da vontade da nación como persona histórica que trascende dos individuos, e outras dos individuos que como tales manifiestan colectiva e maioritariamente cando menos unha vontade de autogoberno. Non abundan, xa que logo, para invalidala conclusión de que o referente nacional propio está totalmente dominado pola etnicidade. O que explica, ademais, a modulación do referente de reintegración, a súa peculiar e ambivalente consideración de Portugal. Precisamente porque aplica con total coherencia o criterio da identidade étnica, Castela pensa, con respecto a Portugal, máis en termos de achegamento cultural que dunha reintegración nacional plena que, no fondo, é negada porque, como Murguía moito antes, coída que o Estado veciño, "desterrado e centralizado no extremo oposto a Galiza xa non contaba coa enerxía étnica orixinal", é dicir, perdera a súa homoxeneidade e a súa pureza galaica. E como proba aí están "os lisboetas (especie de andaluces que falan galego cos dentes pechados)" (*SEG*, pp. 338-339). Por tal motivo

"Os galegos non aspiramos a confundir politicamente a nosa Terra co Portugal rexido desde Lisboa, e non necesitamos saír de Hespaña para opoñernos á hexemonía de Castela e loitar pol-a nosa liberdade. Pero dentro de Portugal quedounos a metade da nosa terra, do noso espírito, da nosa lingua, da nosa cultura, da nosa vida, do noso ser nacional". (*SEG*, p. 343).

A solución a este problema está de novo no federalismo, ou mellor no confederalismo, "no ideal ibérico". Deste xeito Galicia podería ir reintegrando a parte galega do actual Portugal sen ter que someterse á previsible hexemonía das

---

(39) *Ibid.*

partes non galegas. Daí que "nós non aplaudamos o separatismo portugués" (*SEG*, p. 341).

Estas precisións na acotación do seu lusismo político son abondo ilustrativas da cualidade e intensidade da súa reivindicación nacionalista e, inevitablemente, están en función do que sempe é o indicador por excelencia desa intensidade: o referente de negación-oposición. Este referente ten unha dobre dimensión: política (o Estado opresor) e nacional (a nación sostén dese Estado). A primeira dimensión ven dada unívocamente pola propia realidade e, en consecuencia, non crea a posibilidade de variantes ideolóxicas dentro do concepto de nación. En cambio, a segunda dimensión non está totalmente determinada e xustamente por iso é a máis interesante para nós. No caso dos nacionalismos non españoлисты que se desenvolven no seo do Estado español hai dúas posibilidades ó respecto, que de feito se dan alternativamente neles: España ou Castela. A elección dunha ou da outra como referente de negación, lonxe de constituir unha mera cuestión retórica, ten unha grande importancia, non só conceptual, senón tamén político-programática. En efecto, se o referente de negación é España, é dicir, se se considera que *España é outra nación*, a conclusión lóxica é o separatismo (outra cousa e que os programas e as actitudes políticas sexan sempre lóxicos). De feito, tal idea vai normalmente asociada a nacionalismos actual ou tendencialmente separatistas, pois cando se penso iso, por moito que se descentralice ou reforme o Estado español, a nación propia, de non arredarse totalmente dese Estado, ficaría inevitablemente nunha posición subordinada á nación española. Pero se o referente de negación é Castela, pode postularse que *España non é unha nación, senón un Estado* que abrangue varias nacións. Entón cábelles ó nacionalismo periférico adoptar, sen negarse a si mesmo, unha vía federativa, non separatista, a medio ou longo prazo, pois é aceptable reivindicar unha Federación/Confederación Española/Ibérica na que convivan en pé de igualdade as diferentes nacións concurrentes. Esta segunda opción foi a predominante con moito no nacionalismo galego de preguerra. É tamén a de Castelao, quen a xustifica nunha aplicación estricta do seu concepto xeral de nación: "Hespaña nin ten idioma único, nin cultura única, nin costumes homoxéneas, nin unidade étnica, nin formación hestórica común, nin necesidades confluentes. *Sabemos, pol-o tanto que Hespaña non é unha nación*" (*SEG*, p. 294).

Isto implica reducir o inimigo nacional a Castela, opción cuas motivacións político-prácticas Castelao non ten inconveniente en confesar: "A oposición a Castela salva os ataques que poidéramos dirixirlle a Hespaña, cuo nome tivemos que humedecer c-unha letra de máis para facelo respetable aos nosos ollos" (*SEG*, p. 330).

Pero, motivacións aparte, o certo é que Castela se nos presenta como causa e epítome de tódolos males propios e alleos dentro do Estado español. Desde logo é a "nación dominante", e polo tanto, "o Estado hespañol é a fórmula imperialista de Castela", cuia "política centralista e absorbente" foi a "causante da desmembración de Hespaña". Amén das suas responsabilidades históricas e políticas, Castela móvese inspirada por un *Volksgeist* negativo que contamina ó conxunto dos pobos ibéricos, e mesmo ten consecuencias ecolóxicas. E así, por

exemplo, "a sonada intolerancia dos hespañoes é un froito da hexemonía castelán", polo que "non é certo que a intransixencia das *dereitas* ou das *esquerdas* -idénticas no fondo e na forma- sexan un vezo irremediable de Hespaña, pois sóio é un efecto da castelanización do Estado". Ou ben, noutro orde de cousas, nos montes deforestados "está presente o ideal arrasador de Castela, nemiga dos albres e dos paxaros" (40).

Malia tanta malignidade intrínseca en Castela, Castelao fia na posibilidade de "formar unha nova Hespaña" (*SEG*, p. 234), sempre que a dominación castelán sexa substituída pola igualdade nacional intra-hispánica en tódolos ordes, desde o político ó lingüístico (41):

"Nós concebimos a Hespaña como un sóio Estado, constituído pol-o libre consentimento de catro povos: Castela, Cataluña, Euskadi e Galicia. E dispois tódal-as autonomías que poidan concederse dentro de cada nación [...] Un grande político da República -defensor das autonomías rexionaes- dixo que Castela non precisaba un Estatuto autonómico porque tiña que falar en nome de todo-os povos hespañoes. E eso sí que non [...] Tamén se intentou chamarlle "idioma hespañol" á lingua de Castela. E eso sí que non tampouco. O castelán pode ser o idioma oficial do Estado; pero non é máis hespañol que o catalán, o galego e o vasco. Todal-as línguas que se falan na Hespaña son igoalmente hespañolas. E proclamamos esta verdade en nome do noso ideal hispánico".

Velaquí o alcance da súa oposición nacional. Castelao nega a España castelanizada e centralista, pero non se opón á verdadeira "Hespaña" futura, plural e federativa. Neste sentido entende que o seu galeguismo é compatible co *hispanismo*: "Mais agora non falamos como autonomistas, senón como federaes, é decir, como hispanos" (*SEG*, p. 61). Ora ben, a liquidación total da hexemonía castelán é *conditio sine qua non* dese hispanismo. Tal condición explica que se manifeste contrario ó sistema de "autonomía para todos" que, para el, non sería senón unha argucia de Castela para manter esa hexemonía nun Estado federal (*SEG*, pp. 322-324). E explica sobre todo as oscilacións dese hispanismo. Nos momentos en que é grande a súa esperanza en acadalo obxectivo, descalifica rotundamente o arredismo (por exemplo, en *SEG*, p. 55). Pero cando esa esperanza se eclipsa, agroma fugazmente ese separatismo latente e inconfeso que aniña sempre, aínda que só sexa como utopía remota, en todo nacionalismo. En Castelao, as súas escasas manifestacións coinciden con situacións personais particularmente angustiosas. Tal era o comezo do seu desterro en Badajoz: "O outro día unha criada do Hotel preguntoume se Galiza era da Hespaña; eu díxenlle que non" (42). Tal é

---

(40) *SEG*, pp. 72, 102-103, 193-194, 199, 237-240, 254, 259, 273, 281-283 e 292. Outros nacionalismos afíns captaron moi ben o forte contido anticastelanista do libro e a súa significación antiseparatista. É moi ilustrativo neste sentido que se traduxese e publicase unha antoloxía das pasaxes relativas a Castela nun folleto coa seguinte portada: Alfonso R. Castelao, ex-diputado nacionalista galego, *Castilla no es España, es la Anti-España*, Editado por "Biblioteca Catalana", México, D.F., 1944.

(41) *SEG*, pp. 60-63, 73, 89, 101, 222, 331.

(42) Carta a Ramón Otero Pedrayo. Badaxoz, 5-XII-1934. En Fundación Penzol, Fondo Otero Pedrayo.

tamén a súa arribada á Arxentina, canso, derrotado, arruinado e cun futuro político e personal máis que escuro, ó que corresponde probablemente unha das súas pasaxes máis esclarecedoras nesta cuestión: "Cada vez faiseme máis doeroso eliminar d-este libro os estados do meu ánimo, e, sen quero, vou caendo en modos impolíticos, que me alonxan do comercio hespañol, inclinándome ao separatismo. Non é, non, que eu sexa separatista -nin por sentimento, nin por ideoloxía- pero é certo que cada vez vexo afondar máis as fronteiras moraes que nos diferencian do resto da Hespaña" (*SEG*, p. 251).

Non obstante, algún tempo despois, recuperada a serenidade de espírito e en parte a esperanza política, tornará á que podemos considerar a súa postura auténtica, o polo menos a máis persistente durante a súa vida: "Nós somos hespañoes d-unha Hespaña plurinacional, orgaizada en Estado único e capaz de rexir os destiños da Penínsua Ibérica" (*SEG*, p. 309). Unha Hespaña que incluso, se volvese a reunirse con Portugal, "recobraría, *ipso facto*, a categoría de gran potencia" (*SEG*, p. 342).

### ***O populismo flexible e o deber ser de Galicia: autogoberno, cooperativismo, democracia e reforma harmonizadora***

Para rematar, comentaremos as liñas básicas do seu proxecto transformados. O relativo á relación Galicia-Estado español e á instauración dunha democracia política plena está xa tratado no que precede, polo que agora nos centramos na vertente socioeconómica dese proxecto.

De entrada compre suliñar os acentos populistas, no sentido estricto do termo. En efecto, o referente sociopolítico explícito de Castelao non é esta ou aquela clase social, senón o pobo-nación, asemade suxeto da historia e obxecto exclusivo da acción nacionalista: "Fundirse co pobo, sentir as angurias da súa resiñación, infundirlle conciencia da súa personalidade e capacidade, darlle vida e arelas para prosperar [...] Nós temos fé no noso pobo e moi logo o noso pobo terá fé en nós" (*SEG*, pp. 30-31).

Aparte disto, que por sí só non abondaría para falarmos de populismo, hai nel outros elementos complementarios dignos de mención e que son comúns con outras tendencias ideolóxicas tendencialmente populistas da España do primeiro tercio do século XX (por exemplo, boa parte do rexeneracionismo españolista): a hostilidade soxacente á "política", a conseguinte tendencia a establecer unha contraposición xeneralizadora entre "intereses políticos" e "intereses do pobo" (43) e finalmente ese pensar que a alternativa depuradora dos vicios do sistema consiste en instaurar unha interacción élite-pobo, na que os partidos, entendidos ó modo tradicional, interfiran o menos posible.

Por outra parte, o pobo galego ten, na súa opinión, unha composición interna, unha "morofoloxía social" específica, da que hai que partir para deseña-lo seu futuro. Galicia é para Castelao un país de pequenos propietarios autónomos

---

(43) "Eu amo a xusticia, que nunca foi deles [dos políticos], que sempre foi do pobo" (*SEG*, p. 142).

(a maioría campesinos, mais tamén mariñeiros, comerciantes, industriais, dos servizos) e, aínda que non o diga moito, de funcionarios, intelectuais e outros grupos sociais intermedios das vilas e cidades. As clases extremas (proletarios, burgueses, xornaleiros, terratenentes) son marxinais e, en certo sentido, mesmo alleas á sociedade auténticamente galega. Esta é, pois, intrínsecamente non antagónica. Os seus problemas derivan moito máis da dinámica Galicia-Estado que dos seus conflitos internos. Por tal razón, ó tempo que se rache a dependencia empobrecedora respecto do Estado español, haberá que facer unha reforma -que non revolución- interior que implique resolver os problemas máis urxentes do pobo: o atraso agrario, a emigración, a incultura, a pobreza. Esas medidas son, na súa maior parte, as contidas no programa do Partido Galeguista, aínda que Castelao engade algunhas que van algo alén. Lembremos as principais: reforma fiscal (nisto repite a Bóveda), dereito ó traballo remunerado, educación universal con especial atención á escola rural e a capacitación profesional do campesino, política antimigratoria, etc. (44).

Pero o motor de todos eses cambios é o cooperativismo, solución socialmente harmonizadora e, por tanto, congruente coa "morfoloxía social" propia da galega: "A nosa terra precapitalista será unha comunidade cooperativista, un modelo de povos venturosos na Europa convulsionada pol-o parto de novas e complicadas concepcións económicas" (*SEG*, p. 92).

Castelao non pretende que esta receta sexa univesalmente aplicable. Acepta que, en nacións diferentes á galega, as desigualdades sociais sexan tan grandes, por carecer de propiedade a inmensa maioría, que estea xustificada a revolución. Pero non é ese o caso da súa Galicia. Daí que, por exemplo, "a solución do problema da terra en Hespaña está no colectivismo; en Galicia está no cooperativismo" (*SEG*, p. 47).

Un cooperativismo alicerce da súa utopía, desa visión dunha Galicia rural e próspera, democrática e parroquial, ceibe das lacras e loitas fraticidas dunha urbanización e unha industrialización insolidarias e enlouquecidas, e na que, ó cabo, tradición e modernidade harmonicen e se potencien mutuamente. Paga a pena reproducir, a modo de colofón, o seu mellor soño:

"Eu vexo á nosa Terra ceibe dos vezos rutinarios, de pleitos cativos e de cobizas ruins.

Vexo aos homes no traballo e ás mulleres no fogar. Vexo aos nenos, loiros e bonitos, a comer pantrigo con mel e manteiga. Vexo aos mozos, intelixentes e sabidos, enrequecendo antergas costumes. Vexo mozas garridas levando cestas de liño ás fábricas de fiar, como de antes levaban o grao ao muíño, e vexoas despois a teceren lenzos insuperables.

Vexo casas limpas e hixiénicas, de feitura paisán e d-arcodo coas comenencias da vida labrega e mariñeira.

Vexo os montes repovoados e cobertos de piñeirais. Vexo grandes fábricas de pasta de papel e de produtos derivados do leite.

Vexo Centros de investigación e de experimentación agropecuaria. Vexo piscifactorías, Laboratorios costeiros i Escolas de pesca.

---

(44) *SEG*, pp. 14, 30-31, 42-43, 47, 88, 92, 111, 123-126, 133-136.

Vexo á Universidade de Sant-Iago convertida en cerebro de Galiza, irradiando cultura e saber, máis alá dos lindeiros naturais da nosa Terra. Vexo escolas ruraes de formación campesiña, para soerguer a comunidade aldeán.

Vexo a explotación mecánica das nosas canteiras de granito. Vexo a nosa artesanía renascida e superada.

Vexo sindicatos produtores de semente, rexidos por xenetistas experimentados. Vexo pazos para albergar as Cooperativas, mellores que en Dinamarca.

Vexo enormes criadeiros de mariscos. Vexo o trafego d-un gran porto pesqueiro -o mais importante de Europa-. Vexo cangar barcos con peras urracas e mazás tabardillas.

Vexo, en fin, unha Terra farturenta, onde todos traballan e viven en paz. Vexo a miña Terra como unha soia cibdade, a cibdade-xardín máis fermosa do mundo, a cibdade ideal para os homes que queiran vivir a carón da Natureza.

Así soñábamos Bóveda e máis eu nos días de esperanza. Así sigo soñando eu, pol-os dos, á veira do Mediterráneo, este mar que non comprendo..." (*SEG*, pp. 133-134).